ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2038/1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 27 de febreiro de 2026

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(117).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2026**.** Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(118).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA "PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA EN MATERIA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO 2026-2028". EXPTE. 21015/101.**
Visto o informe xuŕidico de data 19/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/02/2026, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 1 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## I.- ANTECEDENTES:

**Primeiro.-** O Concello de Vigo vén de desenvolver, durante o período 2023-2025, unha planificación estratéxica en material de comunicación e publicidade que permitiu avanzar de maneira significativa na mellora da comunicación institucional, na consolidación da imaxe da cidade e na avaliación do impacto das accións publicitarias e comunicativas. (*Expediente nº 19581-101. Planificación Estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación. 2023-2025.)*

**Segundo.-** A finalización do período de vixencia da devandita planificación estratéxica 2023-2025, xunto coa evolución constante do mercando en materia de comunicación e publicidade -marcada pola fragmentación das audiencias, a consolidación dos contornos dixitais, a aparición de novos formatos e soportes, o uso de novas ferramentas de análise avanzada de datos, así como cambios nos hábitos de consumo de información e no contexto social e tecnolóxico-, fan necesaria a elaboración dunha nova planificación estratéxica para os vindeiros tres anos (2026-2028).

**Terceiro.-** En data 9 de xaneiro de 2026, asínase pola Concelleira da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, o informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio para realización dunha nova planificación estratéxica en materia de comunicación e publicidade do Concello de Vigo. Liñas básicas de actuación. Anos 2026-2028,

## II.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DUNHA NOVA ESTRATEXIA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PARA O PERÍODO 2026-2028.

**Primeiro.-** No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire ao Alcalde en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, así como o establecemento das directrices xerais da acción de goberno municipal e o aseguramento da súa continuidade, contidas nos artigos 124.1 e 124.4.a) e c), respectivamente, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como do artigo 69 da antedita lei relativo á información e participación cidadá.

**Segundo.-** A planificación da actividade pública constitúe unha das pezas clave da xestión municipal en termos de eficacia e eficiencia, ao permitir unha utilización máis racional dos recursos públicos, así como unha maior transparencia, rendición de contas e calidade institucional no marco dunha boa gobernanza.

**Terceiro.-** A Administración pública ten, así mesmo, a obriga de xerar unha sociedade informada e de promover unha auténtica cultura da información, comunicando a súa xestión á cidadanía en todos os ámbitos da actuación municipal. A comunicación institucional debe responder, deste xeito, á necesidade de garantir o dereito da cidadanía á información pública, sen prexuízo de que a comunicación pública cumpra tamén unha función social adicional, promovendo valores cívicos, participación cidadá e cohesión social.

**Cuarto.-** Por planificación estratéxica no ámbito da administración local enténdese o proceso de identificación das fortalezas, debilidades, oportunidades e retos da organización municipal, co obxecto de definir obxectivos e configurar estratexias que melloren a súa eficacia, contribuíndo tanto á competitividade da cidade de Vigo como á mellora da calidade de vida das súas cidadás e cidadáns.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**Quinto-** A planificación estratéxica en materia de comunicación e publicidade resulta un instrumento determinante para impulsar o avance da organización municipal no seu proceso de modernización e progresión cara á excelencia. A súa implantación permite, a nivel interno, unha mellora dos aspectos organizativos que preceden e seguen á acción municipal no ámbito comunicativo, ao tempo que se configura como unha ferramenta esencial de transparencia da xestión pública, ao facilitar a comunicación sistemática das actuacións municipais ao conxunto da cidadanía.

**Sexto-** A necesidade de dispor de resultados medibles e avaliables das accións municipais en materia de comunicación e publicidade constitúe un dos eixos fundamentais da elaboración dunha planificación estratéxica. A definición de obxectivos claros, indicadores de seguimento e mecanismos de avaliación permite analizar a eficacia das accións desenvolvidas, optimizar os recursos empregados e favorecer unha mellora continua das políticas públicas de comunicación.

## III.- PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PARA O PERÍODO 2026-2028.

A nova planificación terá como finalidade consolidar os avances acadados en material de publicidade e comunicación no período 2023-2025, adaptar a estratexia municipal aos novos escenarios comunicativos e reforzar a eficacia, eficiencia, transparencia e avaliación das políticas públicas de comunicación e publicidade institucional.

Para elo proponse os seguintes obxectivos estratéxicos, liñas básicas e accións:

### PRIMEIRO.- Obxectivos estratéxicos:

**Obxectivo 1.**: Reforzar a excelencia, coherencia e transparencia da comunicación e da publicidade institucional do Concello de Vigo, garantindo o exercicio efectivo do dereito da cidadanía á información pública, baixo criterios de claridade, accesibilidade, veracidade e rendición de contas.

**Obxectivo 2.**: Consolidar unha cultura institucional da comunicación orientada á cidadanía, que permita informar de maneira sistemática, comprensible e multicanle sobre a xestión municipal, os servizos públicos, os proxectos estratéxicos e as actuacións desenvolvidas polo Concello de Vigo.

**Obxectivo 3.**:Fortalecer a imaxe da cidade a través dunha comunicación estratéxica, planificada e efectiva das accións municipais, favorecendo unha percepción positiva da transformación urbana, social, cultural e económica da cidade, así como unha cidadanía máis informada, implicada e participativa.

**Obxectivo 4.**: Impulsar sistemas avanzados de planificación, seguimento, medición e avaliación das accións de comunicación e publicidade institucional, que permitan analizar o impacto, o retorno social, comunicativo e económico das campañas, favorecendo a mellora continua e a toma de decisións baseada en datos.

**Obxectivo 5.**: Promover, a través da comunicación institucional e publicitaria, os valores sociais, culturais, deportivos, educativos, ambientais e de cohesión social, así como o orgullo de pertenza á cidade de Vigo, reforzando a identidade municipal e a proxección externa da cidade.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**SEGUNDO.- Liñas básicas de actuación a desenvolver no período 2026-2028:**

**Liña 1.**: Desenvolvemento das accións incluídas no contrato nº 20090-101 "servizo de creación, planificación, execución e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas polo Concello de Vigo", garantindo a coherencia das mensaxes, a adaptación aos distintos públicos e a optimización dos recursos.

**Liña 2**: Utilización do patrocinio publicitario institucional como ferramenta estratéxica de comunicación, reforzando a vinculación do Concello de Vigo con eventos, actividades e iniciativas de carácter social, cultural, deportivo e económico que contribúan á proxección da imaxe da cidade e aos valores municipais.

**Liña 3**: Mellora, modernización e optimización do ecosistema dixital propio do Concello de Vigo, incluíndo webs, redes sociais e plataformas dixitais, co obxectivo de incrementar o alcance, a interacción coa cidadanía, a accesibilidade universal e a integración de novas ferramentas tecnolóxicas.

**Liña 4**: Incorporación progresiva e continua de novos soportes, formatos e canles publicitarias, tanto dixitais como híbridas, que permitan adaptarse aos cambios nos hábitos de consumo de información, mellorar a segmentación das audiencias e incrementar a eficacia das accións comunicativas.

**Liña 5:** Implantación de criterios transversais de innovación, sustentabilidade, accesibilidade nas accións de comunicación e publicidade institucional, favorecendo unha comunicación responsable, eficiente e aliñada cos obxectivos estratéxicos municipais.

Coa fin de establecer a vinculación entre obxectivos e liñas estratéxicas da planificación 2026-2028 realízase o seguinte:

Cadro de coherencia estratéxica

| | Obxectivo 1 | Obxectivo 2 | Obxectivo 3 | Obxectivo 4 | Obxectivo 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| **Liña 1** | ✔ | ✔ | ✔ | ✔ | ✔ |
| **Liña 2** | ✔ | ✔ | ✔ | | ✔ |
| **Liña 3** | ✔ | ✔ | ✔ | ✔ | |
| **Liña 4** | ✔ | ✔ | ✔ | ✔ | |
| **Liña 5** | ✔ | ✔ | | ✔ | ✔ |

O cadro recolle a relación existente entre os obxectivos estratéxicos definidos na planificación 2026-2028 e as liñas estratéxicas de actuación previstas, poñendo de manifesto a coherencia interna do modelo proposto e a contribución de cada liña ao cumprimento dos obxectivos establecidos.

**TERCEIRO.- Accións a levar a cabo en cada unha das liñas básicas de actuación.**

As liñas básicas de actuación definidas para o período 2026-2028 configúranse como unha evolución e consolidación das accións desenvolvidas con resultado satisfactorio no período

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

2023-2025, adaptándoas ao novo contexto comunicativo, tecnolóxico e social, e reforzando a súa capacidade para acadar os obxectivos estratéxicos definidos.

Sendo a proposta de as accións a desenvolver propostas para este período 2026-2028 as seguintes:

Primeiro.- Liña 1.: Desenvolvemento das accións incluídas no contrato do servizo de creación, planificación, execución e difusión de campañas e accións institucionais.

En continuidade coa experiencia acumulada no período 2023-2025, manterase e reforzarase esta liña básica como eixo vertebral da comunicación institucional, a través das seguintes accións:

a) Elaboración do Plan de Medios Xeral institucional que incluirá a selección e pro posta de medios (prensa escrita, medios dixitais, radios, televisión) e soportes publicitarios, periodicidade e número de impactos publicitarios en base ao “ranking” de audiencias, público obxectivo, e proposta de cronograma, tendo en conta o orzamento máximo dedicado a este concepto e aos prezos unita- rios por insercións propostos pola axencia para cada medio.
b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade para cada unha das 30 campañas ou accións publicitarias impulsadas desde o Concello de Vigo con súas posibles subcampañas ou desenvolvemento de accións puntuais dentro de cada unha delas.
c) Deseño e maquetación de anuncios con información municipal de carácter obrigatorio e de bandos institucionais.
d) Realización, gravación e edición de cuñas radiofónicas de 20s que incluirán honorarios e dereitos, montaxe e locutor.
e) Realización, gravación, edición de anuncios de televisión 20s que incluirán guión, selección de actores ou modelos, locutores ou voces en off, localizacións e escenografía, equipos, música, postprodución e dereitos.
f) Deseño, maquetación e produción de soporte formato axenda anual.
g) Deseño, maquetación e produción de soporte formato calendario anual.
h) Elaboración de informes de retorno publicitario das propostas de patrocino publicitario por parte de empresas privadas ou institucións públicas.
i) Realización de reportaxes fotográficos e de vídeo vencellados ás campañas e accións publicitarias obxecto do contrato.
j) Impresión de material gráfico en diferentes soportes.

Segundo.- Liña 2: Utilización do patrocinio publicitario institucional como ferramenta estratéxica de comunicación.

Partindo dos resultados positivos obtidos cos patrocinios desenvolvidos no período anterior, esta liña consolídase e amplíase mediante:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 5 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

a) Definición dunha estratexia anual de patrocinio publicitario institucional, aliñada cos valores e coa marca cidade Vigo.

b) Desenvolvemento de patrocinios vinculados a proxectos culturais, deportivos, educativos, turísticos e creativos cun alto grao de notoriedade.

c) Impulso de iniciativas promovidas desde o propio Concello que xeren retorno comunicativo e impacto económico.

d) Medición do retorno publicitario e económico dos patrocinios, tanto en medios tradicionais como dixitais.

e) Priorización de accións que contribúan á dinamización económica, ao sector cultural e á proxección exterior da cidade.

f) Integración dos patrocinios nas campañas globais de comunicación institucional.

g) Definición, creación e deseño da imaxe ou logotipo que terá que figurar en todas as acción de publicidade e comunicación en medios e soportes dixitais, así como nos espazos onde terán lugar os eventos.

Terceiro.- Liña 3: Mellora, modernización e optimización do ecosistema dixital propio do Concello de Vigo.

En continuidade coas accións iniciadas no período 2023-2025, avanzarase na optimización do ecosistema dixital municipal mediante a mellora dos sitios web e plataformas propias:

a) Avaliación periódica e mellora da web municipal, apps, xornal dixital e demais pla taformas.

b) Optimización da estrutura da información para favorecer unha comunicación máis clara, directa e accesible.

c) Creación, actualización e difusión continua de contidos escritos e audiovisuais.

d) Cobertura presencial de eventos municipais para a súa difusión nos soportes di xitais propios.

e) Mellora da imaxe corporativa dixital e da coherencia visual dos contidos.

f) Desenvolvemento de contidos adaptados a cada plataforma ou rede social.

g) Impulso da comunicación bidireccional coa cidadanía fomentando a participación e a interacción.

h) Implantación e uso progresivo de ferramentas de análise de métricas dixitais para avaliación de resultados.

Cuarto.- Liña 4: Incorporación progresiva de novos soportes, formatos e canles publicitarias.

Dando continuidade ás experiencias iniciadas no período anterior, potenciarase o uso de soportes innovadores mediante:

a) Análise continua da eficacia dos soportes tradicionais, dixitais e alternativos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

b) Incorporación progresiva de accións de publicidade exterior innovadora e de alto impacto.

c) Desenvolvemento de accións adaptadas a públicos obxectivo específicos seg men tados.

d) Avaliación comparativa do rendemento dos distintos soportes e formatos emprega dos.

e) Integración destes novos formatos e canles nas campañas globais de comunica ción institucional do Concello de Vigo.

<u>Quinto.-Liña 5: Criterios transversais de innovación, sustentabilidade, accesibilidade e inclusión.</u>

Como evolución natural das accións anteriores, aplicarase de forma transversal:

a) Incorporación de criterios de accesibilidade universal nos contidos, soportes e for matos comunicativos, garantindo o acceso á información a toda a cidadanía.

b) Prioridade a soportes, materiais e accións con menor impacto ambiental, fomentando unha comunicación sostible.

c) Promoción dunha comunicación inclusiva, igualitaria e respectuosa coa diversidade social e cultural.

d) Fomento da innovación tecnolóxica e creativa nas accións de comunicación insti- tucional.

**<u>CUARTO.- Seguimento, avaliación e actualización do Plan.</u>**

A presente Planificación Estratéxica de Publicidade e Comunicación para o período 2026-2028 será obxecto dun seguimento continuo que permita:

a) Avaliar o grao de execución das accións previstas.

b) Medir o impacto comunicativo, social e económico das campañas e accións desenvolvidas.

c) Introducir melloras e adaptacións en función da evolución do contexto comunica tivo, tecnolóxico e social.

d) Así mesmo, o plan poderá ser actualizado ou revisado de forma parcial ou total cando concorran circunstancias que así o aconsellen, garantindo en todo monentoa súa coherencia cos obxectivos estratéxicos municipais e coa normativa vi xen te.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**QUINTO.- PROPOSTA**

Polo exposto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e previo informe xurídico favorable, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar a *"PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA EN MATERIA DE DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO 2026-2028"* (expediente 21015-101), no seu conxunto.

**Segundo:** Dar traslado da *"PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA EN MATERIA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO 2026-2028"* a todos os servizos municipais implicados, aos efectos do seu coñecemento, coordinación e correcta execución, no ámbito das súas respectivas competencias.

**Terceiro:** Dispoñer a publicación da presente Planificación Estratéxica nos soportes de transparencia e na web municipal para o seu coñecemento pola cidadanía.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(119).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO. LOTE 1. EXPTE. 291091/301.**

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/02/2026, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 23.03.2023, acordou: *"Adxudicar a OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. (B-70.493.275) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231.895-301) coas seguintes condicións: a) O prezo total do lote é de 322.854,72 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.032,64 euros, cunha porcentaxe de desconto do 20,44 % a aplicar ao prezo unitario de hora de monitor previsto na cláusula 3.G do Anexo I - FEC- do PCAP. b) Comprométese a achegar, no prazo dos 15 días seguintes ao remate de cada anualidade, a seguinte documentación ➢ Estudos do perfil básico das persoas usuarias dos obradoiros (procedencia, nivel de formación e forma de coñecemento da actividade) ➢ Enquisas do nivel de satisfacción dos usuarios (actividade, organización e persoal, instalacións e equipamento e comunicación). Todo iso de acordo cos pregos de*

*prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 25.04.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 01.05.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo *"e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"* (cláusula 7.3 PCAP).

I.4. En sesión ordinaria do 21.03.2025 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.05.2025 e ata o 30.04.2026, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 23.03.2023 á entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.». O contrato prorrogouse nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

I.5. Figura no expediente de referencia (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá do 11.02.2026 ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 4).

- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» (B-70.493.275) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

- Comunicación ó contratista de preaviso da prórroga, remitida en data 11.02.2026, dándolle tamén traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da prórroga do contrato (trámites núms. 5 – 6).

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

## III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

### III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*,* aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

(DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – "PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO" (LOTE I): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 01.05.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar unha segunda prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo ás persoas usuarias dos diversos obradoiros e actividades de lecer e socialización, prevención da dependencia e de mantemento e mellora da saúde incluídas no Programa de avellentamento activo da Concellería de Política Social: "*VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES".*

III.2.7. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 25.04.2023.

III.2.8. O gasto representado por esta segunda (2ª) prórroga, que é de 161.427,36 €, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (*"Programa de avellentamento activo"*) dos orzamentos municipais; 107.618,24 € ó exercicio de 2026 (do 01.05.2026 ó 31.12.2026) e 53.809,12 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 30.04.2027).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 25.04.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.», toda vez que:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.05.2026 e ata o 30.04.2027, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 23.03.2023 á entidade «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» (B-70.493.275) por un prezo total (Lote I) de 322.854,72 € e formalizado en documento administrativo o 25.04.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 161.427,36 € que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.» (B-70.493.275), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (*“Programa de avellentamento activo”*) dos orzamentos municipais; 107.618,24 € ó exercicio de 2026 (do 01.05.2026 ó 31.12.2026) e 53.809,12 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 30.04.2027).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**4(120).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DO PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO: LOTE 3. EXPTE. 291093/301.**

Visto o informe de fiscalización do 20/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/02/2026, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 03.03.2023, acordou: *"Adxudicar a AUTOS GONZALEZ, S.L. (B32012486) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos do programa de avellentamento activo (231895-301) por un prezo máximo do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.080,00 euros e cunha porcentaxe de desconto do 15,40 % a aplicar ao prezo unitario (sen IVE) de prezo quilómetro previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 05.04.2023, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de dous (2) anos, contado a partir do 06.04.2023, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

I.4. Este contrato foi obxecto xa dunha primeira prórroga, acordada pola XGL na súa sesión do 21.03.2025, para o periodo 06.04.2025 – 05.04.2026 (Exp. n.º 278395/301).

I.5. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo *"e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"* (cláusula 7.3 PCAP).

Non foi materialmente posible neste caso cumprir co citado preaviso no prazo establecido no PCAP, pero sí consta a conformidade expresa do actual contratista con esta segunda prórroga para o periodo 06.04.2026 – 05.04.2027 (Doc. n.º 260034025), nos termos da instancia presentada o 12.02.2026 no Rexistro electrónico municipal, asinada polo representante legal (apoderado) de "AUTOS GONZALEZ, S.L." (B-32012486) e anexada ó expediente n.º 291093/301 no trámite n.º 9.

I.6. Figura tamén no expediente de referencia (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

– Resolución da Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá do 11.02.2026 ordeando a incoación do procedemento administrativo para esta 2ª prórroga (trámite n.º 4).

– Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

## II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
-

## III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*,* aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – "PROGRAMA DE AVELLENTAMENTO ACTIVO" (LOTE III): XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP.

III.2.4. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.5. O contrato formalizado con «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto (con múltiples criterios) por un prazo inicial de dous (2) anos a partir do 06.04.2023 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade deste servizo de transporte complementario dos obradoiros e actividades do Programa de avellentamento activo da Concellería de Política Social: "*VIGO, CIDADE AMIGA DAS PERSOAS MAIORES"* que permite levalas a cabo cando se realicen fora dos centros e entidades nas que normalmente se imparten. En concreto, a actividade incluída neste Lote III consiste na realización de viaxes por Galicia e o norte de Portugal coas que se trata de fomentar a convivencia e as relacións sociais entre as persoas maiores.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

III.2.7. A segunda (2ª) prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 05.04.2023.

III.2.8. O gasto representado por esta segunda (2ª) prórroga, que é de 16.940,00€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.226.09.02 (*“Programa de avellentamento activo”*) dos orzamentos municipais; 12.469,75 € ó exercicio de 2026 (do 06.04.2026 ó 31.12.2026) e 4.470,25 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 05.04.2027).

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

## IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 05.04.2023 polo Concello de Vigo coa entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.», toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado co contratista permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Consta igualmente no expediente a aceptación expresa do contratista a esta segunda (2ª) prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

## V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 06.04.2025 e ata o 05.04.2026, o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 03.03.2023 á entidade «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486) por un prezo máximo (Lote III) de

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

33.880,00 € e formalizado en documento administrativo o 05.04.2023, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito en 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 16.940,00 € que representa esta segunda (2ª) prórroga a favor de «AUTOS GONZÁLEZ, S.L.» (B-32012486), que poderá imputarse á aplicación nº 2310.226.09.02 (*"Programa de avellentamento activo"*) dos orzamentos municipais; 12.469,75 € ó exercicio de 2026 (do 06.04.2026 ó 31.12.2026) e 4.470,25 € ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 05.04.2027).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(121).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (TACGAL), RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA VIXILANCIA NO CENTRO MUNICIPAL DE DISTRITO DA RAPOSEIRA. EXPTE. 12231/320.**
Sométese a aprobación a proposta de data 23/02/2026, asinada pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 42/2026 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 26/2026, interposto interposto por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA SL contra a adxudicación da contratación da vixilancia no Centro Municipal de Distrito da Raposeira, dependente da Concellería de Participación Cidadá, e das súas instalacións anexas, expediente 12231-320 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 19 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

1. Desestimar o recurso interposto por PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDAD ESPAÑA SL contra a adxudicación da contratación da vixilancia no Centro Municipal de Distrito da Raposeira, dependente da Concellería de Participación Cidadá, e das súas instalacións anexas, expediente 12231-320 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .

3. Impoñer ao recorrente a multa de 1.000 euros, de conformidade co establecido no art. 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado a Area de Contratación e Novos Proxectos para a a continuación da tramitación do expediente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(122).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL POLA ORGANIZACIÓN NA CIDADE DE VIGO DO FESTIVAL "O MARISQUIÑO 2026". EXPTE. 25401/333.**

Visto o informe xurídico do 02/02/2026 e o informe de fiscalización do 17/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/01/2026, asinado polo xefe do Sevizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

1.1.- Con data 22.01.25, Carlos Domínguez Fernández en n/r da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do Festival de deporte urbano O Marisquiño 2026.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 1.586.500,00€ (Sen IVE).

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto descritivo do Festival O Marisquiño 2026.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento O Marisquiño.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

- NIF da entidade, DNI do representante e escritura notarial mediante a cal queda nomeada como administradora única de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, e nomeado como o seu representante Carlos Domínguez Fernández.

**2.- FUNDAMENTOS**

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o Festival O Marisquiño é un dos eventos máis relevantes a nivel internacional no ámbito dos deportes urbanos, e o máis importante dos celebrados na cidade de Vigo.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo".

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.
Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos de deporte urbano) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 21 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

de poboación moi concreto, como o relacionado cos deportes urbanos, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade, envergadura e relevancia deportiva e social do Festival. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.470.0002, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2026.

Non é posible atopar eventos comparables, non xa a nivel nacional, senón tamén a nivel internacional, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto cultural e social.

Dita relevancia deportiva, cultural e social queda avalada tanto pola WCS (World Cup Skateboarding), que confirma que O Marisquiño é unha de las paradas máis importantes en el circuíto de la copa do mundo de Skateboarding debido á súa lonxevidade, altos niveis de calidade e calidade do traballo do equipo do Festival, como pola FIBA (Federación Internacional de Baloncesto), que xa no ano 2025 acreditou que O Marisquiño é un reputado organizador de eventos 3X3. A folla de ruta do Circuíto 3X3 inclúe unha rede integrada de competicións 3x3 avalados pola FIBA e conduce á xira mundial FIBA 3x3.

A especialización e a excelencia alcanzadas polo Festival o colocan nunha categoría única que se apoia da mesma forma nos acordos necesarios coas Federacións internacionais de cada modalidade (FIBA e World Cup Skateboarding), que en xeral esixen o compromiso dos organizadores cunha antelación elevada.

O Marisquiño se diferencia de calquera outro Festival por albergar competicións deportivas do mais alto nivel internacional en disciplinas como el Skate, BMX, descenso ou breakdance, que non só atraen a deportistas de talla mundial, senón que garanten un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso país e dificilmente comparable.

Os deportistas deste nivel internacional, estruturan os seus calendarios cunha antelación moi importante, polo que é fundamental garantir a estabilidade do evento ao obxecto de que o inclúan entre as súas competicións de referencia e manter o nivel competitivo do evento.

A relevancia do festival ven determinada polo enorme volume de asistentes, que supera os 150.000 nos catro días de celebración e é recoñecido internacionalmente pola consolidación da súa oferta ampla e gratuíta, sendo unha excepción no ámbito dos festivais e Competicións urbanas.

O Festival se atopa no top mundial dos campionatos de skateboarding, atraendo a participación dos e das deportistas máis relevantes do mundo. Consolidou a competición de BMX Street como unha das probas máis importantes internacionalmente, atrae ós e ás mellores xogadores de basket 3x3, acolle ó campionato internacional de Break dance, referencia europea da modalidade, celebra o descenso urbano, sendo o seu percorrido un dos máis recoñecidos internacionalmente, e celebra o campionato do mundo de Flatland, unha competición que consiste na realización de acrobacias coreografiadas sobre as bicicletas, competicións todas elas que confirman sen dúbida a súa dimensión e relevancia. Xunto a estas modalidades, no 2026 celebrarase a competición de Freestyle motocross, no que se realizarán acrobacias e trucos en motos todoterreo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

A entidade organizadora ven organizando o Festival 25 edicións, contando en cada unha delas coa documentación acreditativa da posesión dos dereitos de organización de cada unha das competicións internacionais.

E por último, este festival se singulariza do resto e adquire unha relevancia excepcional polo seu carácter gratuíto para todo o público asistente. As actividades que conforman o Festival desenvólvense en entornos e recintos abertos ó público cun carácter gratuíto, que dota ó Festival dun acento diferenciador do resto de festivais e que o posiciona como un referente non só polo seu nivel competitivo e espectacularidade, senón tamén pola súa accesibilidade.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es ás mellores deportistas a nivel mundial.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de máis de 1.500 deportistas de mais de 30 nacionalidades diferentes, tanto profesionais como amateurs nas diferentes disciplinas.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

O Marisquiño ten non só un impacto deportivo e cultural da máxima relevancia. Ademais, atrae a miles de visitantes cada ano, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional e internacional.

A traxectoria e relevancia do festival o sitúa como un referente dos deportes urbanos tendo un gran impacto en RRSS, con mais de 4,6 millóns de impresións nos canais propios, 600 pezas audiovisuais xeradas durante o evento, 5.000 fotografías, 350 publicacións en RRSS desde o propio festival.
A nivel dixital, o Festival tivo un alcance en 2025 que superou +1,4M de reproducións en instagram, +1,2M de visualizacións en TikTok, +80k reproducións en Facebook e +525K de páxinas vistas por máis de 160k usuarios únicos.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama internacional e cunha asistencia de público extraordinaria.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 23 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como "Cidade acolledora de grandes eventos deportivos".

- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
  - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
  - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
  - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
  - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
  - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
  - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
  - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
  - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como "Cidade do Deporte".

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2026, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

**PROPOSTA**

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 1.342.000,00€ á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132) para a realización do evento deportivo "O Marisquiño 2026" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 1.342.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2026 do Festival O Marisquiño a favor da entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL (CIF B36957132), segundo resulta da documentación do expediente nº 25401-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.470.0002 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ANEXO**

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “O MARISQUIÑO 2026” (Expte. 25401-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Carlos Domínguez Fernández, como propietario único da sociedade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, CIF B36957132 e enderezo social na Avenida de Castrelos núm. 29, planta 2, porta D, Vigo, na representación da mesma, tal e como consta na escritura notarial con núm. de protocolo 2866 de 25 de novembro de 2016.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “O Marisquiño 2026”, á entidade ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

**II.-** Que a marca “O Marisquiño” se atopa rexistrada na Oficina española de Patentes e Marcas a nome de Carlos Domínguez Fernández, na súa condición de representante da entidade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, e ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño” e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

**III.-** Que esta entidade vén organizando o festival “O Marisquiño”, na cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

**IV.-** A exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 25 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**V.-** O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**VII.-** Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente, ao que hai que engadir que a subvención consta nominativamente no orzamento vixente da Concellería de deportes.

**VIII.-** Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

**IX.-** Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**X.-** Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 25401-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

## PACTOS

**Primeiro.-** Ulisesproyect Eventos Especiales SL comprométese a organizar o festival “O Marisquiño 2026”, conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o Festival O Marisquiño 2026, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Incluír a celebración do festival "O Marisquiño 2026" dentro da programación das Festas de verán 2026 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SL, unha subvención para a edición 2026 do Festival O Marisquiño por importe de 1.342.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da programación, organización e execución da edición do festival "O Marisquiño 2026".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2026. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 7930 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.
O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**Quinto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.**- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

**Sétimo.**- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Oitavo.**- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2026 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria ULISES-

Documento asinado
ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

PROYECT EVENTOS ESPECIALES SL está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

  En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Noveno.-** No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como estabelece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "O Marisquiño 2026".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Con-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

cello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

**Décimo sexto.**- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

**Décimo sétimo.-** A Concellería da área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo noveno -** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

**Vixésimo**.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

**Vixésimo primeiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o estabelecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**Vixésimo segundo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

**7(123).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA DEPORTIVA 2025/2026. EXPTE. 25411/333.**

Visto o informe xurídico do 04/02/2026 e o informe de fiscalización do 18/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/02/2026, asinado polo xefe do Sevizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**INTRODUCIÓN**

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsquea da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 3410.489.00.00 "subvencións a clubs e entidades sen fin de lucro", un crédito por un importe total de 1.150.000,00€ (Un millón cento cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento da actividade deportiva das entidades deportivas da cidade de Vigo e nos distintos ámbitos da actividade deportiva.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Estas instalacións deportivas privadas, dun tamaño moi relevante e con importantes infraestruturas, requiren unha gran inversión anual en mantementos de gran calado, reparacións puntuais, melloras, mantementos extraordinarios, etc, que supoñen un gran esforzo económico para as entidades sen ánimo de lucro titulares dos terreos e que as poñen en moitas ocasións nun grave risco de ruína, o que implicaría a desaparición de importantes proxectos deportivos de grande relevancia para a cidade de Vigo.

A esta cuestión económica hai que engadir a necesidade de garantir unhas condicións sanitarias e de hixiene axeitadas que en moitas ocasións son dificilmente garantidas debido ás graves deficiencias nas instalacións, nos vestiarios, con duchas en mal estado, falta de auga quente ou problemas de ventilación, entre outros.

O uso intensivo que se realiza das instalacións provoca, a diferenza con outras modalidades, un desgaste prematuro das superficies, dos equipamentos, etc o que supón un avellentamento precoz da vida útil dos materiais e dos equipamentos.

O desgaste, a falta de inversión por imposibilidade económica ou o propio paso do tempo, poden provocar, incluso, problemas de tipo estrutural, que poden poñer en risco a saúde dos deportistas, e o impacto económico sobre as entidades, que se financian fundamentalmente a través de axudas públicas e pequenos patrocinadores, é extraordinario.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2026 consignan, na partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. Deportivas”, un crédito por un importe total de 260.000,00€ (Dous centos sesenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento das inversións na mellora de instalacións deportivas de titularidade privada da cidade de Vigo nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese para a cidade.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 65 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

En relación cos obxectivos do Concello de Vigo vinculados ó fomento do deporte, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como "cidade do deporte", inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, garantir unha oferta deportiva completa e de calidade, impulsar a construción de novas infraestruturas e apoiar proxectos deportivos.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada á colaboración na mellora de instalacións deportivas de titularidade non municipal nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese xeral para a cidade.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *"Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos".*

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno;así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para a mellora e adecuación de campos de fútbol da cidade Vigo.

**SEGUNDO:** Autorizar o gasto por importe de 260.000,00€ (Dous centos sesenta mil euros) con cargo á partida orzamentaría 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. Deportivas" do orzamento do ano 2026.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO.**

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2026, actuacións de inversión na mellora en campos de fútbol.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A proposta se atopa incluída no “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”, aprobado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 08.03.24. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, garantir unha oferta deportiva completa e de calidade, impulsar a construción de novas infraestruturas e apoiar proxectos deportivos.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada á colaboración na mellora de instalacións deportivas de titularidade non municipal nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese xeral para a cidade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é financiar os gastos vinculados coa construción, mellora e renovación de vestiarios de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o que o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo

25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Actuacións de inversión subvencionables:

- Reformas cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmoble xa existente.

Proxectos: Actuacións de inversión en campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, en concepto de inversións. O obxecto das actuacións estará orientado a:

  - Proxectos de inversión en grandes actuacións, construción e remodelación de vestiarios ubicados nos campos de fútbol.

Non serán subvencionables actuacións relacionadas con obras de reparación simple, obras de conservación e mantemento ou obras de demolición.

**SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2026, que de xeito determinado correspondan á execución de proxectos de:

- Proxectos de inversión na construción, mellora, adecuación e modernización de vestiarios e edificacións nos campos de fútbol.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento ordinarios das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

**TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 260.000,00€ (Dous centos sesenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

**CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 69 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS, CONDICIÓNS DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS:**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 8 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais e administracións públicas.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Fundacións.

3. Condicións dos terreos, as edificacións e os proxectos:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- O importe total da suma das actuacións que se presenten, que estarán vinculadas cun proxecto único nunha única instalación deportiva será superior a 50.000,00€.
- As actuacións deberán contar coas autorizacións e licenzas necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística, aínda que poderán ser presentadas no momento da xustificación, previo abono da subvención.
- Os proxectos deberán incluír medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación, no caso de ser preceptivo.
- A instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia.

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.
- Que a instalación estea inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Presentar o proxecto ou a memoria valorada explicativa da actuación, que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos que permita a súa valoración técnica.
- Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude, seguindo a normativa vixente.
- Dinamizar proxectos deportivos no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelaría elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m.
- Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- Destinar o ben obxecto da actuación subvencionada ao desenvolvemento do fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 8 anos, tal e como se establece no art. 31.4.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións . No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

**SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN E UMBRAIS MÍNIMOS.**

1.- Umbrais mínimos de puntuación: Á vista das limitación orzamentarias para obter a condición de beneficiario, o solicitante deberá cumprir os seguintes umbrais mínimos:

- Acadar 65 puntos na valoración dos criterios.

2.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 115 puntos:

a) Polo alcance do proxecto:
- 10 puntos para proxectos de importe de entre 50.000€ e 75.000,00€
- 15 puntos para proxectos de importe de entre 75.000,01€ e 100.000,00€

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- 50 puntos para proxectos de importe superior a 100.000,00€

b) Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 5 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2025/2026.

**OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior.
Crearase unha lista de garda, por chamamento directo, coas entidades admitidas que quedaran sen subvención, de tal forma que no caso de que as entidades inicialmente beneficiarias non confirmen de forma expresa a aceptación da subvención no prazo de 10 días dende a recepción da notificación de resolución, o importe destinarase en orden de prelación, en función da puntuación obtida, ás seguintes ata esgotar o crédito dispoñible.

2.- Límites:

- Un máximo de 130.000,00 euros por entidade co límite do 80% do custo efectivo das actuacións.

3.- O importe a subvencionar por beneficiario en ningún caso poderá superar o importe máximo previsto, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada. No caso de que polo valor dos puntos, o importe dunha subvención supere calquera dos límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

**NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente pola persoa que represente da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude por un proxecto único.

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas , deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo/a representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.

B) Outra documentación obrigatoria:

-Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.

-Documentación que acredite a propiedade/Dispoñibilidade da instalación obxecto da actuación (Mínimo 8 anos).

-No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberan presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as actuacións obxecto de subvención.

-Certificado actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno da entidade xurídica.

-Copia do D.N.I. do/a representante legal da entidade xurídica asinante da solicitude de subvención.

-Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas co proxecto deportivo desenvolvido na instalación na tempada 2025/2026.

-Memoria valorada explicativa da actuación, que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

-Memoria do proxecto deportivo desenvolvido na instalación obxecto da solicitude de subvención.

-No caso de tratarse de actuacións subvencionables que superen a contía de establecida no apartado 1 do art. 118 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, o solicitante deberá achegar como mínimo (no momento da xustificación), tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

**DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

**Publicidade do financiamento público.** As beneficiarias das subvencións deberán deixar constancia do financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lu-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

gar visible, dun cartel informativo  a través de cartelaría elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer visible durante un período non inferior a 8 anos.

**DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, un técnico do Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.
O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente  ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición  perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)
- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación , se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

**DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica https://sede.vigo.org e incluirá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra/actuación e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- Nomeamento do/a director/a de obra e coordinador de seguridade e sáude se fora preceptivo polo tipo de actuación.
- Nomeamento do/a director/a técnico da obra se fora preceptivo polo tipo de actuación.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.
A documentación da conta xustificativa conformada incluirá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos acreditativos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actuación pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ….. euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

*2.4.- Outra documentación:*
-Anexo II.1. Relación asinada de documentación presentada acreditativa do gasto polo importe subvencionado.
-Anexo II.2. Declaración responsable

*2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello*, en relación coa xustificación da subvención.

**DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.
Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.
Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

**DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria será abonado, ás beneficiarias que o soliciten, mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3420.780.00.11 do orzamento da Concellería de deportes.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

**VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**1.- Perda do dereito ao cobro:**

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da LSG e no Título IV da LXS, así como no previsto na normativa de desenvolvemento

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.**

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude da beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento,



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 79 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas
interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerase por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

ANEXOS

| **ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE** |
|---|

| **SOLICITUDE SUBVENCIÓN** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | | | CIF: | | |
| Modalidade: | | | | | | |
| Enderezo | | Localidade: | | | CP: | |
| Tlf. 1 | | Tlf.2 | | | | |
| E-Mail a efectos de notificación | | | | | | |

| E na súa representación, o/a representante legal con cargo de: | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Apelidos: | | Nome: | | DNI: | |
| Enderezo: | | Localidade: | | CP: | |
| Tlf 1: | | Tlf 2: | | E-mail: | |

**SOLICITA,**

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de ______________________ ____€ , pola actuación detallada na documentación adxunta**.**

**NOME DO PROXECTO A SUBVENCIONAR:**

| |
|---|
| |

**Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:**

**Anexo I.1**: Instancia de solicitude.

- Anexos I.2
- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
-Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
-Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
-Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
-Copia do D.N.I. do representante legal da entidade asinante da solicitude de subvención.
-Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2025/2026.
**-** Documento acreditativo de que a instalación está inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia.
-Certificados de ausencia de débedas coa AEAT, S.Social, ATRIGA e Concello de Vigo.
-Proxecto ou memoria valorada xustificativa da actuación que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.
-Proxecto deportivo.

**O/A que abaixo asina declara que:**
Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.
**Protección de datos:** O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo a estas bases. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

**Sinatura dixital do representante legal**

**Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES**

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

| Don/Dna. | | DNI. | |
|---|---|---|---|
| Representante legal da entidade | | CIF | |

**Declara,**

- Que esta entidade solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións en relación ó proxecto obxecto da subvención solicitada ó Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe solicitado | Importe concedido |
|---|---|---|
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

- Que esta entidade non está incursa en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta no documento .............................................................................................. de data …................., D/Dna......….......................................................................................... con DNI: …...................................., figura como representante legal da entidade, o que lle outorga, a representación legal da entidade para o trámite obxecto da solicitude.
- A instalación obxecto da solicitude de subvención cumpre cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia.

**Sinatura dixital do representante legal**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**CONCELLO DE VIGO**
Expte. 2038/1102

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

## ANEXOII.1.- CONTA XUSTIFICATIVA-

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Entidade | | | | CIF | |
| Enderezo | | Localidade | | C.P. | |
| Telf. | | E-Mail | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Subvención concedida polo Concello de Vigo | | € | | |
| Importe xustificado | Base Impoñible | € | IVE | € |

**Relación de documentos xustificativos de gasto (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):**

| | CONCEPTO |
|---|---|
| 1 | |
| 2 | |
| 3 | |
| 4 | |
| 5 | |
| 6 | |
| 7 | |
| 8 | |
| 9 | |
| 10 | |
| 11 | |
| 12 | |
| 13 | |
| 14 | |
| 15 | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| TOTAL | Base Impoñible | € | IVE | € |

D. ____________________________________________ DNI __________________________representante legal da entidade _____________________________________CIF: _____________________ certifica que os documentos que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de________________€ de base impoñible e__________€ correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actuación subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Sinatura dixital do representante legal**

S.ord. 27/02/2026

| ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE |
|---|

| D/Dna. | | DNI: | |
|---|---|---|---|
| Repres. legal da Entidade | | CIF: | |

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que o custo total da actuación que foi obxecto da subvención foi de .........................................€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concellería de Deportes do Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

| | |
|---|---|
| SÍ | |
| NON | |

- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

| Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención | Importe concedido | Importe recibido |
|---|---|---|
| CONCELLO DE VIGO | € | € |
| | € | € |
| | € | € |
| | € | € |

Vigo, na data da sinatura dixital

**Sinatura do representante legal**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**ANEXO III.1.**

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO 2026"

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa construción, mellora e renovación de vestiarios de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 260.000,00€ (Dous centos sesenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas".

**TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 8 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais e administracións públicas.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Fundacións.

3. Condicións dos terreos, as edificacións e os proxectos:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- O importe total da suma das actuacións/proxectos nunha única instalación deportiva que se presenten será superior a 50.000,00€, e deberán contar coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística, incluída a xestión medioambiental

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- Os proxectos deberán incluír medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación, no caso de ser preceptivo.
- A instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia.

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.
- Que a instalación estea inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.
A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

**OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**
1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

**NOVENA.- PAGAMENTO.**

Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos.
O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

**ANEXO III.3.**

<u>Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ..... (completar unha vez aprobado) de 2026, polo que se aproba a convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de vigo</u>

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de noviembre, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa construción, mellora e renovación de vestiarios de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 260.000,00€ (Dous centos sesenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas".

**TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

**CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

**QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

**SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

**SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2026 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

## 9(125).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE BEMBRIVE. EXPTE. 99420/332.

Visto o informe xurídico de data 18/02/2026 e o informe de fiscalización do 19/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/01/2026, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Con data 16 de decembro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 16/12/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística de data 16/12/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística e de Orzamentos e Facenda, de data 08/01/2026.
- Documentos contables RC 1202600000691 e RCFUT 1202600000917 de data 12/01/2026 por importes de 187.996,68 e 1.879.966,80 euros respectivamente.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e cinco Anexos, de data 13/01/2026, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, de data 13/01/2026.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente Educación e Normalización Lingüística o 13/01/2026.
- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 26/01/2026, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Anuncio de información previa, publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 27/01/2026.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 28/01/2026, redactado pola xefa da Area de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial da Escola Infantil Municipal de “Bembrive”, que comprende a atención total dos/das nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario das escolas, e a xestión e administración dos centros baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos nos pregos.

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 516.990,87 euros, exento de IVE, polo que o prezo total do contrato é de 2.067.963,48 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9915 (EIM Bembrive).

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 13/01/2026, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28/01/2026 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.067.963,48 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9915 (EIM Bembrive), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

| **ANUALIDADE** | Importe (exento de IVE) |
|---|---|
| **2026** ( 4 meses) | 187.996,68 |
| **2027** (11 meses) | 516.990,87 |
| **2028** (11 meses) | 516.990,87 |
| **2029** (11 meses) | 516.990,87 |
| **2030** ( 7 meses ) | 328.994,19 |
| **Total** | **2.067.963,48€** |

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(126).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS NA RÚA ELDUAYEN (ENTRE RÚA A.ABELEIRA MENÉNDEZ E PRAZA DE ARGÜELLES)". EXPTE. 12678/307.

Visto o informe de fiscalización de data 20/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/02/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

Unha das competencias atribuidas á Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade por resolución de Alcaldía de 28/06/24 (modificada por outra de 25/09/25) consiste na “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Un dos ámbitos de maior patrimonial de Vigo é o Casco Vello polo que os locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a Praza de Argüelles) atópanse nun espazo central da cidade e as súas en deficientes condicións motivaron a necesidade de realizar unha intervención para mellorar o seu ornato.

Os locais municipais son os seguintes:
- Porta do Sol, 13, Elduayen 1 e 3
- Elduayen, 5
- Elduayen, 9
- Elduayen, 11
- Elduayen, 13
- Elduayen, 15
- Praza de Argüelles, 8
- Praza de Argüelles,11

Deste xeito, preténdese recompoñer a súa fachada e adecuala ao seu entorno.

Con esa finalidade encargouse ao arquitecto Ángel Santorio Cuartero a redacción dun proxecto que propoña un deseño acorde aos cambios xerados polas obras executadas no ámbito máis próximo,

Unha vez entregado o proxecto é informado favorablemente pola Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras en data 16/07/2026..

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.

b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.

c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.

e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.

f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.

g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.

h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Unha vez aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

APROBAR O PROXECTO DE "REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN, ENTRE RÚA A ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES", redactado polo Arquitecto D. Ángel J. Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SETENTA E OITO MIL CENTO CINCUENTA

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (178.150,50 €) e de data da sinatura dixital 13 de febreiro de 2026.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(127).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO XII PROGRAMA DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 12931/307.**
Visto o informe de fiscalización de data 23/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/02/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión do 14/11/2025 e a través do expediente 12750-307, o duodécimo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, coa finalidade de contribuir ao proceso, iniciado anos atrás, de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e á mellora da calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

A concelleira de Patrimonio Histórico resolveu contratar (exp. 12727-307) ao arquitecto técnico Alejandro Luis Sánchez a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do XII programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións para ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2026, e segundo delegación do alcalde de 25/09/2025 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias "a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana".

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 20/02/2026.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 93 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar pola oficinas de supervisión de proxectos e Patrimonio municipal especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe técnico, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Específicamente consta dos documentos que o artigo 233.1 LCSP esixe para a súa aprobación:

a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.
b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración. O orzamento ordenarase por obras elementais, nos termos que regulamentariamente establézanse.
e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.
g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
h) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

- APROBAR O PROXECTO DO XII PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, redactado polo arquitecto técnico, Alejandro Luis Sánchez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 218.126,35 euros e presentado no rexistro do Concello o 1 de febreiro de 2026 (nº entrada 260024231).

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(128).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTA A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTABILIDADE XERAL. EXPTE. 1915/1102.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/01/2026, asinado pola secretaria de Goberno local-instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 20 de agosto de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 157 as bases que rexe a convocatoria.

En data 9 outubro de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 195 extracto da convocatoria.

En data 18 de outubro de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 251 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias. O prazo rematou en data 7.11.2025.

En data 14 de novembro de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidad. No mesmo acto designouse aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria e convocouse a sesión constitutiva e valoración provisional.

Consta no expediente acta da Comisión de Valoración de data 16 de decembro de 2026 e posterior de data 20 de xaneiro de 2024 pola que se determina a valoración provisional. En



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 95 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

data 16 de febreiro de 2026 a acta de comisión de valoración procedeu, previa resolución das reclamación, a aprobación definitiva dos dos méritos, Segundo dita acta, a comisión de valoración adoptou os seguintes acordos

***"1.- RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS A VALORACIÓN PROVISIONAL DE MÉRITOS.-***

*A Secretaria da conta aos presentes das reclamacións presentadas polos aspirantes á valoración de méritos provisional, aprobados pola Comisión de Valoración en sesión de data 18 de decembro de 2025, cuxo anuncio foi publicado no taboleiro de edictos en data 21.01.2026.*

***1.- Reclamación de Sandra Bueno Rey***

*a) A aspirante Sandra Bueno Rey solicita que se lle compute o período de traballo transcorrido entre o 3.11.1999 ata 12.04.2013 como antigüidade, segundo o apartado 1.1.2 dos méritos xerais.*

*As bases reguladoras dispoñen " 1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)*

*Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.*

*Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados"*

*Doutra banda, a Lei 70/1978, do 26 de decembro dispón " Uno. Se reconocen a los funcionarios de carrera de la Administración del Estado, de la Local, de la Institucional, de la de Justicia, de la Jurisdicción del Trabajo y de la Seguridad Social la totalidad de los servicios indistintamente prestados por ellos en dichas Administraciones, previos a la constitución de los correspondientes Cuerpos, Escalas o plazas o a su ingreso en ellos, así como el período de prácticas de los funcionarios que hayan superado las pruebas de ingreso en la Administración pública.*

*Dos. Se considerarán servicios efectivos todos los indistintamente prestados a las esferas de la Administración pública señaladas en el párrafo anterior, tanto en calidad de funcionario de empleo (eventual o interino) como los prestados en régimen de contratación administrativa o laboral, se hayan formalizado o no documentalmente dichos contratos".*

*E por isto que, conforme o certificado de servizos prestados de data 28.02.2026 achegado pola aspirante en data 3.2.2026 procede valorar o tempo desempeñado como funcionaria en prácticas (149 días); 4 meses x 0,025 puntos: 0,1 puntos.*

*Non é obxecto de valoración neste apartado os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados no apartado 1.1.4 e 1.1.8.*

*b) Respecto ao apartado 1.1.3 relativa a valoración do exercicio de dereitos de conciliación, a reclamante alega que no foi obxecto de valoración os permisos por parto ou adopción*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

*interesando que se lle outorgue 0,5 puntos (0,25x2) correspondente a tres permisos por parto. Manifesta que achegou copia do libro de familia e que a única documentación que ten é o permiso de maternidade do seu terceiro fillo. Xunto coa reclamación achega fotografía do modelo 145, comunicación de datos ao pagador. Posteriormente, en data 13.02.2026, vencido o prazo de alegacións, achega fotografía de comunicación de percepción de subsidio por maternidade (2004,2006 e 2009).*

*Neste senso, a cláusula 1.1.3 das bases da convocatoria relativa a valoración do exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos) determina "- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos".*

*A reclamante xunto coa solicitude de participación na provisión do posto mediante concurso específico achegou unicamente copia dixitalizada do libro de familia. Este documento non acredita automaticamente o desfrute do exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante polo que este mérito non foi valorado.*

*Xunto coa reclamación presentada en prazo, achega fotografía do modelo 145, comunicación de datos ao pagador. De dito documento non se desprende o recoñecemento do desfrute dos dereitos de conciliación cuxa valoración solicita. Así mesmo, a documentación presentada pola interesada en data 13.02.2026 é extemporánea dado que o prazo de presentación de alegacións finalizou o 4.02.2026. En consecuencia, no procede a valoración neste punto.*

*c) A reclamante solicita a valoración ao abeiro do cláusula 1.1.4 dos méritos xerais do traballo desenvolvido no posto de xefatura do Servizo de recadación, xefatura do Departamento Información e Asistencia e xefatura de Unidade segundo a documentación presentada coa solicitude e participación e posterior acreditación mediante certificados de servizos da Axencia Tributaria de data sinatura dixital 27.01.2026 e de 28.02.2026.*

*A bases reguladoras dispoñen " 1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)*

*Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes*

*- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.*

*- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.*

*- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.*

*A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)"*

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

*A vista dos certificados achegados en data 3.02.2026 procede estimar a reclamación neste punto e valorar o tempo de traballo desempeñado acadando a Sra. Sandra Bueno a máxima puntuación neste apartado (3).*

*d) En relación aos méritos específicos solicita que se lle valore a experiencia profesional adquirida no posto de xefatura do servizo de recadación da Axencia Tributaria de Galicia en tanto o desempeño de dito posto supón o análise da contabilidade dos contribuíntes xa sexan persoas físicas ou xurídicas.*

*A cláusula 1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos) determinan "Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:*

*1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo"*

*Neste senso, cómpre diferenciar as funcións de tesourería e contabilidade, O marco xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regulado no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, establece unha separación nítida e taxativa entre as funcións de Contabilidade e as de Tesouraría-Recadación.*

*1. Función de Contabilidade: O artigo 4.2 do RD 128/2018 define a función de contabilidade, reservada á Intervención, como a responsabilidade de «levar e desenvolver a contabilidade financeira e a de execución do orzamento», «formar a Conta Xeral», «coordinar as funcións ou actividades contables» emitindo instrucións técnicas, e «organizar un adecuado sistema de arquivo e conservación».*

*2. Función de Tesouraría e Recadación: Pola contra, o artigo 5 do mesmo texto legal atribúe á Tesouraría o «manexo e custodia de fondos», a «realización dos cobramentos e os pagamentos» e o «impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación».*

*E por isto polo que procede desestimar as alegacións neste punto,*

*e) En relación á formación especifica solicita que neste apartado non se valoren soamente cursos de contabilidade senón tamén outros que un Xefe de contabilidade dunha Administración debe coñecer como é a lexislación de contratos e recadación.*

*Neste senso, as bases valoran diferenciadamente os cursos de formación e perfeccionamento como méritos xerais e como méritos específicos.*

*Así, a base 1.1.5 ten por obxecto valorar a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca, na que se inclúe a formación alegada pola aspirante(contratación, recadación).*

*Pola contra, a base 1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos) se limita a valorar os cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca (xefatura do Servizo de Contabilidade). Neste apartado valoraranse especifica-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

*mente os cursos relacionados coas funcións atribuídas á xefatura de contabilidade. Como xa se indicou no punto anterior, debemos distinguir entre as funcións de tesourería e contabilidade.*

*Procede desestimar a reclamación neste punto.*

***2.- Reclamación presentada por Oscar Vega Andión***

*a) O aspirante Oscar Vega Andión solicita que se lle valore o grao persoal consolidado.*

*A base segunda das bases da convocatoria determina que xunto coa solicitude deberase achegar a "Documentación acreditativa dos méritos alegados polos aspirantes, salvo que consten no seu expediente persoal existente no arquivo do área de RRHH e Formación do Concello. En caso de non constar no citado expediente, deberán ser achegados coa instancia para que poidan ser valorados".*
*En relación á consolidación de grao cómpre indicar que conforme o art. 70.11 do RD 364/1995, de aplicación supletoria ás entidades locais, a consolidación de grao require dun acto administrativo expreso por parte da Administración. Neste senso, a sentenza da Audiencia Nacional de data 15 marzo de 2006, Rec. 375/2005 dispón que o recoñecemento de grao non se produce de forma automática polo desempeño dun posto de nivel correspondente durante os períodos legalmente establecidos ou pola modificación do nivel asignado ao posto que viña desempeñando, senón que precisa dun acto administrativo expreso.*

*O aspirante non acreditou no prazo establecido o recoñecemento de grao mediante acto administrativo. Segundo as bases que rexe a convocatoria "Non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos na data de finalización do prazo de presentación de instancias".*

*E por isto polo que procede desestimar a reclamación neste punto.*

*b) O aspirante solicita que se lle compute como antigüidade (cláusula 1.1.2) os servizos prestados como funcionario de carreira por máis de 24 anos no Concello de Vigo. Así mesmo, alega o desempeño de distintos postos na Agencia Estatal de la Administración Tributaria (AEAT) e na Xunta de Galicia, segundo documentación que consta no seu expediente persoal.*

*A cláusula das bases reguladoras determina" 1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)*

*Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.*

*Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados"*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 99 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Segundo a valoración provisional proposta pola Comisión de Valoración o traballo desenvolvido no Concello de Vigo polo aspirante foi obxecto de valoración no apartado 1.1.4 dos méritos xerais. Tal e como reflicte a cláusula 1.1.2 non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.*

*Doutra banda, a Lei 70/1978, do 26 de decembro dispón " Uno. Se reconocen a los funcionarios de carrera de la Administración del Estado, de la Local, de la Institucional, de la de Justicia, de la Jurisdicción del Trabajo y de la Seguridad Social la totalidad de los servicios indistintamente prestados por ellos en dichas Administraciones, previos a la constitución de los correspondientes Cuerpos, Escalas o plazas o a su ingreso en ellos, así como el período de prácticas de los funcionarios que hayan superado las pruebas de ingreso en la Administración pública.*

*Dos. Se considerarán servicios efectivos todos los indistintamente prestados a las esferas de la Administración pública señaladas en el párrafo anterior, tanto en calidad de funcionario de empleo (eventual o interino) como los prestados en régimen de contratación administrativa o laboral, se hayan formalizado o no documentalmente dichos contratos".*

*Revisado o expediente persoal consta certificado da Axencia Tributaria de data 28.04.2005 no que acredita a prestación en virtude de contrato laboral de 5 meses e 26 días e certificado da Consellería de Economía e Facenda de data 21.04.2025 polo que acredita a prestación de servizo por un período de 3 meses e cinco días. É por isto polo que procede valorar neste apartado os servizos recoñecidos antes da adquisición da condición de persoal funcionario: 9 meses x 0,025 puntos acadando unha puntuación total de 0,225.*

*c) En relación aos méritos específicos o aspirante Oscar Vega Andión solicita que se lle valore a experiencia profesional adquirida no posto de adxunto a tesoureiro municipal (complemento de destino 27) e posto de economista (complemento de destino 26).*

*- A cláusula 1.1.8. Experiencia profesional (ata un máximo de 8 puntos) determina "Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:*

*1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.*

*2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo"*

*O aspirante alega que as tarefas desempeñadas no servizo de Tesouraría e Recadación - concretamente a xestión de procedementos masivos de ingresos e pagamentos que xeran apuntamentos contables automáticos ou manuais no sistema informático- deben ser computadas como experiencia específica propia do Servizo de Contabilidade.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

*O candidato argumenta que a xeración de miles de rexistros contables derivados da operativa de cobramentos e pagamentos constitúe, per se, o exercicio de funcións de contabilidade.*

***A distinción normativa entre as funcións reservadas de Contabilidade e Tesouraría.***

*O marco xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, regulado no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, establece unha separación nítida e taxativa entre as funcións de Contabilidade e as de Tesouraría-Recadación. Non se trata de funcións intercambiables nin acumulables polo mero feito de utilizar unha ferramenta informática común, tanto é así que o RD 128/2018 as recolle en dous artigos diferenciados:*

*Función de Contabilidade**:** O artigo 4.2 do RD 128/2018 a define como a responsabilidade de «levar e desenvolver a contabilidade financeira e a de execución do orzamento», «formar a Conta Xeral», «coordinar as funcións ou actividades contables» emitindo instrucións técnicas, e «organizar un adecuado sistema de arquivo e conservación».*

*Función de Tesouraría e Recadación: Pola contra, o artigo 5 do mesmo texto legal atribúe á Tesouraría o «manexo e custodia de fondos», a «realización dos cobramentos e os pagamentos» e o «impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación».*

*A alegación do aspirante confunde a natureza substantiva da función co reflexo instrumental da mesma. Que a xestión recadatoria (cobramentos masivos) ou a tesouraría (pagamentos) teñan un reflexo contable é unha consecuencia instrumental necesaria da xestión financeira, pero non converte ao xestor de tesouraría en xestor contable, do mesmo xeito que o acto de asinar unha nómina non converte ao órgano xestor en contable, aínda que iso xere un apuntamento no sistema.*

***Natureza operativa fronte a responsabilidade directiva e de control.***

*O posto convocado é a xefatura do Servizo de Contabilidade.*

*As bases da convocatoria (Base 1.1.8 e 1.1.9) esixen experiencia e formación en «materias específicas propias do Servizo que se convoca».*

*A argumentación do reclamante baséase nun criterio cuantitativo («miles de rexistros», «procedementos masivos»). Non obstante, a valoración de méritos específicos para unha xefatura de servizo debe rexerse por un criterio cualitativo e competencial:*

*1. Operativa vs. Dirección Contable: A execución de cobramentos e pagamentos (tesouraría) é unha operativa de xestión de fluxos de efectivo. O feito de que o sistema informático (GEMA/SICAP) xere un asento contable ao validar un pagamento ou un ingreso é un automatismo ou unha tarefa administrativa instrumental. Non constitúe a función intelectual e técnica de «análise, planificación, supervisión e dirección contable» que esixe o posto de Xefe de Contabilidade.*

*2. O rexistro non é a función: O aspirante alega ter realizado miles de accións no sistema. Porén, tal e como pode desprenderse do RD 128/2018, as funcións da xefatura do servizo de contabilidade non son a mera gravación de datos (que poden realizar usuarios xenéricos,*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 101 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*como admite o propio recorrente no seu escrito), senón a validación da consistencia dos devanditos datos, a formación dos estados financeiros e a imaxe fiel do patrimonio.*

*O propio reclamante recoñece no seu escrito que «o persoal de Tesouraría debe coordinarse funcionalmente co xefe/a do servizo de contabilidade para asegurar que os rexistros se realicen conforme á normativa». Esta afirmación é, en si mesma, o recoñecemento de que a autoridade contable e a función substantiva residen no Servizo de Contabilidade, mentres que a Tesouraría actúa como un executor operativo que debe someterse aos criterios contables ditados por aquela.*

***Inexistencia de desempeño de funcións reservadas de Contabilidade.***

*O desempeño alegado polo candidato (Adxunto ao Tesoureiro/Economista en Tesouraría) encádrase legalmente nas funcións do artigo 5 do RD 128/2018 (Tesouraría e Recadación). Aceptar que a operativa de recadación e pagamento é "contabilidade" baleiraría de contido a distinción legal entre ambas subescalas e funcións reservadas.*

*O Tribunal considera que a "contabilización" á que alude o aspirante é, en realidade, a fase de execución material do cobramento ou pagamento. A normativa atribúe á Tesouraría a realización material do pagamento e o cobramento, e o seu rexistro nas contas bancarias. Que este acto teña un "espello" no aplicativo contable non implica que o Tesoureiro ou o seu adxunto estean a exercer a función de control interno e contabilidade financeira descrita no artigo 4 do RD 128/2018.*

***Conclusión.***

*A pretensión do aspirante de equiparar a operativa masiva de xestión de ingresos e pagamentos (competencia de Tesouraría) coas funcións directivas e técnicas da xefatura do Servizo de Contabilidade (competencia de Intervención/Contabilidade) carece de soporte normativo.*

*O volume de rexistros informáticos non transmuta a natureza da función: o aspirante xestionou tesouraría e recadación (fluxos monetarios), cuxos asentos son meros reflexos instrumentais, mentres que o posto convocado esixe a subdirección da contabilidade baixo a supervisión do superior xerárquico (ciencia do rexistro, clasificación e resumo das operacións financeiras para a imaxe fiel e o control).*

*En consecuencia, e en aplicación estrita dos artigos 4 e 5 do Real Decreto 128/2018 e das bases da convocatoria, proponse a desestimación da reclamación presentada ao apartado 1.1.8 das Bases da convocatoria, confirmando que as funcións alegadas non se corresponden co ámbito competencial específico do Servizo de Contabilidade obxecto do concurso.*

*- O aspirante solicita que se valore como formación  especifica no apartado1.1.9 o seguinte:*

- *20 horas do curso de aplicación e xestión de ingresos nas entidades locais de data sinatura 15 de marzo de 2024 correspondente a unidade didáctica III e IV por estar vinculadas con competencias propias do Servizo de Contabilidade.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

- *40 horas do del curso de aplicación y gestión de gastos en las entidades locales firmado el 18 de abril de 2024 correspondente a Unidad didáctica I, II,III e IV por estar vinculadas con competencias propias do Servizo de Contabilidade.*
- *60 horas do Diploma de dirección y gestión económico financiera de las entidades locales corresponde ao módulo I e VI por estar vinculadas con competencias propias do Servizo de Contabilidade.*
- *20 horas do curso Tesorería y recaudación en las entidades locales (III edición) firmado el 26 de septiembre de 2024 correspondente a unidade ditactica III e IV por estar vinculadas con competencias propias do Servizo de Contabilidade.*

*A bases da convocatoria na súa cláusula 1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos) relativa aos cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.*

*A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:*

*- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
*- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

*Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.*

*A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.*
*Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.*

*Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.*

*De acordo coas bases da convocatoria, propónse a desestimación da reclamación á puntuación outorgada no apartado 1.1.9, por canto:*
*- non se pode asimilar a materia orzamentaria á contabilidade e*
*- as bases non contemplan a valoración de horas ou partes de cursos. Os cursos valóranse no seu global segundo as horas recoñecidas no certificado/diploma acreditativos dos mesmos.*

***SEGUNDO.- VALORACIÓN DE MÉRITOS DEFINITIVA***

*Trala estimación parcial das reclamacións recollidas no apartado primeiro resulta a seguinte valoración definitiva:*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 103 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**A)  OSCAR MIGUEL VEGA ANDION** ****3292*****

| | |
|---|---|
| ***A) MÉRITOS XERAIS .- A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos.*** | ***10,225*** |
| ***1.1.2 Antigüidade (ata un máximo de 2)*** | ***0,225*** |
| *Servizos recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro: 0,025/mes  (9 meses)* | *0,225* |
| ***1.1.4.Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)*** | ***3*** |
| *Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.*<br>*Acada a máxima puntuación* | *3* |
| ***1.1.5 Cursos de formación e perfeccionamento. (ata un máximo de 5 puntos)*** | ***5*** |
| *- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora*<br>*- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*<br><br>*Acredita a realización de cursos de aproveitamente e asistencia por enriba do máximo de horas puntuables.* | |
| ***1.1.7 Nivel de coñecemento da lingua galega (máximo 2 puntos)*** | ***2*** |
| *Linguaxe administrativo superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011 DOG 24 de xuño: 2,00 puntos* | *2* |

| | |
|---|---|
| ***B) MÉRITOS ESPECÍFICOS A valoración máxima dos méritos específicos  será de 20 puntos.*** | ***5,1*** |
| ***1.1.9.-  Formación específica (ata máximo 12 puntos)*** | ***5,1*** |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO  13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

| | |
|---|---|
| *Formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca*<br><br>*- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*<br>*- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.* | *5,1* |

| | |
|---|---|
| ***RESULTADO DA PRIMEIRA DA PRIMEIRA FASE: MÉRITOS XERAIS E ESPECÍFICOS*** | ***15,325*** |
| *Méritos Xerais* | *10,225* |
| *Méritos específicos* | *5,1* |

***2.- SANDRA BUENO REY*** *****1249******

| | |
|---|---|
| ***A) MÉRITOS XERAIS .- A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos.*** | ***13,1*** |
| ***1.1.1. Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)*** | ***3*** |
| *Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado (28)* | *3* |
| ***1.1.2 Antigüidade (ata un máximo de 2)*** | ***0,1*** |
| *Servizos recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro: 0,025/mes (4 meses)* | *0,1* |
| ***1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante ( ata un máximo de 1 puntos).*** | *0* |
| *Permiso por parto, adopción ou acollemento. Acredita extemporanéamente.* | *0* |
| ***1.1.4.Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)*** | ***3*** |

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | |
|---|---|
| *- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado, (49 meses), supera o máximo da puntuación* | *3* |
| ***1.1.5 Cursos de formación e perfeccionamento. (ata un máximo de 5 puntos)*** | ***5*** |
| *- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora*<br>*- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*<br><br>*Acredita a realización de cursos de aproveitamento e asistencia por enriba do máximo de horas puntuables.* | |
| ***1.1.7 Nivel de coñecemento da lingua galega*** | ***2*** |
| *Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.* | *2* |

•

| | |
|---|---|
| ***B) MÉRITOS ESPECIFICOS A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos.*** | ***1,4*** |
| ***1.1.9.- Formación específica (ata máximo 12 puntos)*** | ***1,4*** |
| *Formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca*<br><br>*- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*<br>*- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.* | *1,4* |

| | |
|---|---|
| ***RESULTADO DA PRIMEIRA DA PRIMEIRA FASE: MÉRITOS XERAIS E ESPECÍFICOS*** | ***14,41*** |
| *Méritos Xerais* | *13,01* |
| *Méritos específicos* | *1,4* |

*Os membros da Comisión de Valoración por unanimidade dos seus membros adoptan o seguinte acordo:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

*PRIMEIRO.- Aprobar a valoración definitiva dos méritos xerais e específicos da persoas aspirantes admitidas ao proceso de provisión  segundo o detalle recollido no punto segundo da presente acta.*

*SEGUNDO.- Ningunha das persoas aspirantes admitidas acada a puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase"*

A cláusula cuarta das bases que rexe a convocatoria determinan  que puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

Conforme a cláusula quinta  das bases da convocatoria dispón que " *As comisións de valoración fixará a puntuación que corresponda aos participantes na provisión de postos de traballo vacantes no Concello de Vigo, segundo os mérito establecidos na cláusula quinta.*

A proposta que, de acordo con o establecido no apartado anterior, realicen as comisións de valoración, terá o carácter vinculante para o órgano encargado da resolución da convocatoria do concurso.

A vista da proposta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 16 de febreiro de 2026 , procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a adopción do acordo conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL, o seguinte ACORDO

**PRIMEIRO.-**  Declarar deserta a convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral.

**SEGUNDO.-** A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

**TERCEIRO.-** Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

## 13(129).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE "TEATRO ENSALLE SLL" PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA PROGRAMACIÓN DE NOVEMBRO 2025 A XANEIRO 2026. EXPTE. 6505/330.

Visto o informe xurídico do 04/02/2026 e o informe de fiscalización do 24/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 19 de xaneiro do 2026, a entidade " Teatro Ensalle SLL" presenta escrito de solicitude de subvención para a programación das actividades da Sala Ensalle entre o 15 de novembro do 2025 e o xaneiro do 2026; por este motivo, esta xefatura inicia o expediente de subvención correspondente, polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente.

<u>ANTECEDENTES.-</u>
A entidade " **TEATRO ENSALLE SLL"** é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

<u>PROGRAMA E ORZAMENTO:</u>
O programa subvencionado tivo lugar na Sala Ensalle segundo a seguinte programación:

- **XX Festival Catropezas de danza contemporánea do 15 ó 30 de Novembro do 2025**
- **XANEIRO 26: 16, 17 e 18 Alén. Colectivo Glovo. Estrea absoluto.**

***OUTRAS ACTIVIDADES:***
**Programación dentro da RGS**: co fin de potenciar a produción contemporánea dentro e fóra de Galicia.
**Programación dentro do CIRCUITO da RED DE SALAS ALTERNATIVAS**: Estas programacións permiten o intercambio entre comunidades e, no futuro, favorecen a incorporación de compañías galegas a circuitos exteriores.
**Festivais:** Se reforzan os dous festivais existentes tentando implicar neles tanto ás instituciós locais como ás estatais. Para 2025 programouse o XX FESTIVAL ISTO FERVE '25 un festival cunha traxectoria demostrada, reforzada polo interés das compañías de todo o estado para participar nel.
**Mantemento dos convenios coa ESAD de Vigo e EOI de Vigo.**

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa polo importe total de **31.254,08 €** (trinta e un mil douscentos cincuenta e catro euros con oito céntimos), dos que o Concello de Vigo achega 10.000 €.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF do administrador solidario
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da Sala Ensalle , rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no citado PES se recolle un importe de 5.000 €, neste exercicio está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación 3340.470.00.04, cun importe, segundo a proposta, de 10.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: "*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente".*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor de Teatro Ensalle S.L.L., CIF **B36920247**, pasando dos 5.000 € previstos inicialmente no PES aos 10.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 109 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

programación de actividades culturais de investigación e divulgación que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo de 2026, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar as actividades programadas na Sala Ensalle entre o 15 de novembro do 2025 e xaneiro do 2026, con cargo ao orzamento 2026, figurando na aplicación **3340.470.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa polo importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo ao TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, concelleira da Area de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros) á entidade* "TEATRO ENSALLE SLL"*, CIF. B36920247, para o financiamento da* programación das actividades da Sala Ensalle entre o 15 de novembro e xaneiro do 2026, *or-*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

*ganizada por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 "TEATRO ENSALLE. PROGRAMACIÓN DE TEATRO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. É de responsabilidade da Entidade :
   1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
   2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
   3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez , presidente da entidade.

3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

4. Ter incorporado os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada

5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

6. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

8. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

9. As entidades que non teñan a obriga de levar contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos ter contratado e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se puido producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil do período subvencionable.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das **facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade e acreditar o pagamento efectivo dos**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**gastos correspondentes,** ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

**O medio admitido de xustificante de pagamento das facturas será o estracto bancario, e excepcionalmente o pago en efectivo e ata o límite que permita a lexislación vixente en cada momento, pero sempre que se achegue o xustificante de cobro asinado polo proveedor, non aceptándose sen a sinatura do proveedor.**
En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2026
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

    1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
    2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

3. Memoria de prensa.
4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
5. Reportaxe fotográfica.

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- **So se considerá gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)**

Gastos subvencionables:
**Consideranse gastos subvencionables os realizados a partir do 15 de novembro do 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas**.

Considerananse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:
A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(130).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ENTIDADE "ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA" PARA O FINANCIAMENTO DA XL VIII EDICIÓN DE DITOS PREMIOS. EXPTE. 6518/330.**
Visto o informe xurídico de data 05/02/2026 e o informe de fiscalización do 24/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/02/2026, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2038/1102

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 28 de xaneiro do 2026, a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" presenta solicitude de subvención nominativa para o financiamento da **XLVIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2025, con cargo ao orzamento do 2026**, polo importe de 12.000 euros; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase o expediente para a concesión dunha subvención nominativa a favor da dita entidade, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "Asoc. Premios da Crítica. Subvención Premios da Crítica " do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-
A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento da creación literaria, ciencias e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades, música, artes plásticas, artes escénicas, cultura audiovisual, gastronómica e dixital, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** . Estos premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:
O proxecto da Asociación dos Premios da Crítica de Galicia céntrase na entrega de galardóns ás persoas ou colectivos que, no ámbito de Galicia e do mundo, en lingua galega, veñen traballando no último ano en proxectos salientábeis que merecen o recoñecemento dos diversos xurados.

Os Premios da Crítica de Galicia abranguen dez secretarías nas seguintes modalidades: creación literaria, ciencias e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades, música, iniciativas culturais e científicas, artes plásticas, artes escénicas, cultura audiovisual, cultura gastronómica e cultura dixital

Os ditames de cada unha das modalidades déronse a coñecer no curso dun acto público que tivo lugar o 18 de outubro do 2025 na sede do Teatro Afundación, na cidade de Vigo.

A memoria económica que se achega, incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe de 12.910,27 **€** ( doce mil novecentos dez euros con vintesete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 12.000 euros
- Achega da entidade : 910,27 euros

DOCUMENTACIÓN.-
Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento deste.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-
A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLVIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2025, con cargo ao orzamento do 2026, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). No dito PES se recolle un importe de 9.000 €; Neste exercicio 2026 está previsto nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2025, na aplicación *3340.480.00.08*, un importe, segundo a proposta, de 12.000 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: “*Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista para Asociación Premios da Crítica de Galicia para o financiamento da XLVIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2025, con cargo ao orzamento do 2026, pasando dos 9.000 €, previstos inicialmente no PES, aos 12.000 €, incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2026, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que varíen o resto dos compoñentes da liña de subvención. O programa subvencionado segue sendo o mesmo: o financiamento da XLVIII Gala dos Premios da Crítica de Galicia.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acredita-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

do na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-
O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-
A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLVIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2025, con cargo ao orzamento do 2026, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **12.000 €** (doce mil euros), a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN
A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de* **12.000 €** (doce mil euros) *á "Asociación Premios da Crítica de Galicia" (G27847839) para o financiamento da XLVIII Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2025, con cargo ao orzamento 2026, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 " AS. PREMIOS DA CRÍTICA.SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

**OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. E de responsabilidade da Entidade :



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 119 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

•A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
•A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
•Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Manuel Bragado Rodríguez, presidente da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
   A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

7. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada".

8. As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

**OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**
A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (12.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

**MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**
O centro xestor da subvención á ENTIDADE é o Servizo de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

**PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**
O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 121 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2026.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 (con cargo ao orzamento 2026) que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación e que teñan como data límite dous meses dende a última actividade subvencionada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**Estos gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

<u>Importe total de subvencións ou axudas:</u>
A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**
A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Servizo de Cultura. Os técnicos do Servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**
A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**REINTEGRO**
Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferencia de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**
En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**
A concesión da subvención rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(131).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FORMULADOS Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 14692/407.**
Visto o acordo do Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 17/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/02/2026, asinado polo técnico superior de actividades económicas e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes.**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de decembro de 2025 aprobouse definitivamente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) desta Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. A RPT anterior, aprobada o 23.12.2020, estaba publicada no BOP de 30.12.2020. O novo catálogo dos postos publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra con data 08.01.2026.

Transcorrido o prazo de un mes para a interposición de recursos de reposición do citado acordo da Xunta de Goberno Local, presentáronse os seguintes:

- Documento 260030047.- Cristina Chao Polo.
- Documento 260030419.- Sección sindical CUT.
- Documento 260031101.- Ana Mª Requejo Fasero.
- Documento 260031102.- Rosalía Alonso Pena.

**II.- Informes ós recursos formulados.**

**II.1.- Documento 260030047.- C. Chao Polo.**

O acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de decembro de 2025, de aprobación definitiva da modificación da relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo, foi comunicado integramente, con data 05.01.2026, por correo electrónico á recorrente (achegando arquivo contendo a certificación do acordo). Nesta certificación menciónase a alegación presentada pola recorrente (documento 240245911), que foi obxecto de estudio para a realización do correspondente informe-proposta. Por tanto, de forma conxunta e motivada foi desestimada a solicitude contida na citada alegación, segundo se expresa no apartado pri-



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 125 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

meiro do acordo da Xunta de Goberno Local (publicado no BOP de Pontevedra de 08.01.2026). Proponse a desestimación do recurso de reposición interposto, coa precisión expresada a continuación.

En relación coa situación dos postos, expresada no catálogo anexo, debe expresarse que ningún posto non provisto por algún dos sistemas previstos na normativa vixente de aplicación (concurso ordinario, concurso específico ou libre designación), pode considerarse en situación de adscrición permanente, polo que debe ser corrixido (como o aludido posto co código 423.04 de Arquitecto).

A resolución deste recurso será notificado en tempo e forma á recorrente, indicándolle que pon fin a vía administrativa e dándolle prazo (dous meses) para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, se o estima procedente.

**II.2.- Documento 260030419.- Sección sindical CUT.**

A solicitude de mantemento da separación dos servizos ou de aumento dos complementos específicos dos postos, foi desestimado no período de alegacións/reclamacións. Coa mesma motivación desestímase a pretensión deste recurso.

A resolución deste recurso será notificado en tempo e forma á recorrente, indicándolle que pon fin a vía administrativa e dándolle prazo (dous meses) para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, se o estima procedente.

**II.3.- Documento 260031101.- A.M. Requejo Fasero.**

O recurso de A.M.R.F. redunda no planteamento feito na alegación: a falta de avaliación do posto ocupado. Por parte desta Xerencia de Urbanismo, reitérase de que existe un proceso aberto de valoración de todos os postos deste Organismo Autónomo o cal non impide que por razóns obxectivas e de forma motivada algúns postos modifiquen as súas condicións retributivas. A modificación dunha relación de postos de traballo non obriga a revisión da avaliación de todos os postos, que está sometida a un profundo estudo comparativo e a límites legais e orzamentarios. Proponse a desestimación do recurso interposto.

**II.4.- Documento 260031102.- R. Alonso Pena.**

O recurso de R.A.P. redunda no planteamento feito na alegación: a falta de avaliación do posto ocupado. Por parte desta Xerencia de Urbanismo, reitérase de que existe un proceso aberto de valoración de todos os postos deste Organismo Autónomo o cal non impide que por razóns obxectivas e de forma motivada algúns postos modifiquen as súas condicións retributivas. A modificación dunha relación de postos de traballo non obriga a revisión da avaliación de todos os postos, que está sometida a un profundo estudo comparativo e a límites legais e orzamentarios. Proponse a desestimación do recurso interposto.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**III.- PROPOSTA.**

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proponse ó Consello da Xerencia que eleve á Xunta de Goberno Local (competente de acordo co artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos da Xerencia e co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar os recursos de reposición interpostos por C. Chao Polo, a Sección sindical CUT, A.M. Requejo Fasero e R. Alonso Pena, tendo en conta para o primeiro (C. Chao Polo) a precisión contida no seguinte apartado.

Segundo.- Corrixir no catálogo dos postos a situación do posto co código 423.04, poñendo "P" de adscrición provisional, onde pon "T" de adscrición permanente.

Terceiro.- Notificar ós catro recorrentes este acordo, informándolle que o mesmo esgota a vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo no prazo máximo de dous meses.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 16(132).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OUTRAS ARTES ESCÉNICAS COREOMAGAZINE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO "VIGO DANCE FESTIVAL 2026". EXPTE. 10319/336.

Visto o informe xurídico do 05/02/2026 e o informe de fiscalización do 19/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/01/2026, asinado pola técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES XURÍDICOS.-**

- O artigo 50.1. da lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público determina que o convenio terá que ir acompañado dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na citada Lei.
- Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 127 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

- O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracions Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependiente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

- Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

- Esta subvención pode encadrarse na categoría de "*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre*", competencia municipal a tenor do disposto nos artigos 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**⊙ Descrición e interese do obxecto do convenio**

- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, presenta a segunda edición 2026 dun innovador festival de danza multidisciplinar que tenta responder aos desafíos sociais do noso tempo. Fronte ao incremento da violencia de xénero, a adicción a internet, a crecente tendencia a socializar desde casa e outros hábitos que impiden unha sana interacción social, este evento xorde como unha oportunidade para revitalizar as dinámicas sociais e culturais da nosa comunidade, en especial a aquelas que fomenten a participación do colectivo mozo, como é este caso.

- Ademais, Vigo conta cunha gran cantidade de asociacións veciñais e colectivos dedicados á danza que, a pesar do seu entusiasmo e dedicación, enfrontan dificultades pola falta de recursos e espazos adecuados para compartir a súa actividade. Este festival busca brindarlles unhaplataforma para exhibir o seu talento ante o público.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- O festival non é só un evento artístico, senón un espazo transformador onde a danza convértese nunha ferramenta poderosa para reflexionar, conectar e fomentar a unión comunitaria.

- Na devandita actividade a subvencionar concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer destinados da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do colectivo mozo participante, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

- Edición de **Primavera** (25 e 26 de abril de 2026) e Edición de **Outono** (7 e 8 de novembro de 2026).

- **VIGO DANCE FESTIVAL 2026** pretende colocar á cidade como referente cultural da danza urbana que non só atraerá aos/as mellores bailaríns/as, senón que dará espazo e visibilidade ás escolas e asociacións locais que non sempre teñen os medios para brillar a través dun despregamento de produción espectacular, os/as artistas locais poderán mostrar o seu talento ao mundo, e as familias poderán gozar diso de forma gratuíta.

⊙ **Obxectivos**

- Fomentar a arte e a cultura como motor de cambio social e consolidar a Vigo como un referente na promoción de valores positivos a través da expresión artística.

- Sensibilizar ao público sobre temas como a violencia de xénero e as adiccións dixitais, fomentando unha reflexión colectiva a través da arte.

- Ofrecer alternativas saudables e creativas para socializar dirixidas en especial ao colectivo mozo da cidade.

- Promover a interacción social desde unha perspectiva enriquecedora e libre de hábitos daniños.

- Impulsar o talento local e comunitario e ofrecer unha plataforma para que asociacións veciñais, artistas e colectivos de danza mostren o seu traballo, fortalecendo así o tecido social e cultural da cidade.

Por todo o exposto **proponse a Xunta de Goberno Local** a Adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:”** Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE** para a realización do Evento “VIGO DANCE FESTIVAL 2026” e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de **79.971,25€** a favor da entidade **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE** con CIF: G27813351 e enderezo social en Camiño Monte 67,Falcoa Castrelos, 36213 en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 10.1319-336. Este crédito é con cargo á partida **3370.4800000 “PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL”** do vixente orzamento.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**TERCEIRO:** Aprobar que a Concellería financiará o pagamento á Asociación Coreomagazine polo importe da subvención outorgada a través de un 2 adiantos do 50% do orzamento presentado: (**79.971,25€**) trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, e trala sinatura do presente convenio que, se distrIbuiría do seguinte xeito:

- Anticipo de **39.985,63€** previa solicitude do mesmo e antes da edición de **primaveira** ( 25 e 26 de abril de 2026)
- Logo da correcta xustificación da conta xustificativa correspondente á edición de primaveira; un segundo adianto de **39.985,62€** previa solicitude do mesmo e antes da edición de **outono** ( 7 e 8 de novembro de 2026).

**CUARTO:** Facultar á Dna. **Ana María Mejías Sacaluga,** na súa calidade de Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025)*, para asinar o citado convenio".

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN ARTÍSTICA Y CULTURAL PARA LA PROMOCIÓN DE LA DANZA Y OTRAS ARTES ESCÉNICAS COREOMAGAZINE, PARA O DESENVOLVEMENTO DO "VIGO DANCE FESTIVAL 2026"
Expte 10.319-336

**REÚNENSE**

A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo (en adiante CONCELLERÍA) con (CIF P3605700H) e, no seu nome e representación Dna. **Ana María Mejías Sacaluga,** A Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Tecnoloxía E Relación coas empresas, Turismo e Xuventude *(Resolución de Alcaldía de data 25/09/2025, BOPPO nº 186 do 30/09/2025)* ,

Doutra parte, **Dna Marta Díaz Almeida** con NIF: 36082188H, en calidade de presidenta e representante delegada da Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE (en adiante a Asociación Coreomagazine), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo con nº 20642 coa seguinte clasificación: Cultural e artística/Música, teatro e danza, con enderezo social en Camiño Monte 67, Falcoa Castrelos da cidade de Vigo, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, a **Secretaria de Administración Municipal**, da fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**MANIFESTAN**

**I.-** Que a **Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE,** en adiante Asociación Coreomagazine, é unha asociación constituída sen ánimo de lucro, e consta rexistrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia con nº 2015/019116 e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo con nº 20642 coa seguinte clasificación: Cultural e artística/Música, teatro e danza.
O fin da Asociación Coreomagazine é a promoción da danza e outras artes escénicas a través da realización de eventos, encontros de baile e espectáculos de diversa índole.

**II.-** A Asociación Coreomagazine foi fundada no ano 2015 e traballa de xeito transversal no tema da danza urbana a través de varios exes:
- Formación con profesores locais, a través da escola de baile New Era.
- Formación con artistas nacionais e internacionais, conectando Vigo coa elite da danza.
- Colaboración co Concello de Vigo en iniciativas que acheguan a danza á comunidade.

Dentro da experiencia a suliñar desta asociación que avala a súa idoneidade para a realización integral do VIGO DANCE FESTIVAL, destacamos a coordinación e xestión do evento de danza internacional denominado VIKUL. Este evento foi organizado pola asociación en doce edicións na cidade dende o ano 2012 co apoio do Concello de Vigo. Neste evento musical e de danza urbana desenvolveron programas de masterclass e shows de danzas abertos na pista de patinaxe de Samil nos que bailaron preto de 600 participantes durante 3 días. Colaboraron nestas pasadas edicións de VIKUL, escolas de danza de toda Galicia e do norte de Portugal ofrecendo durante tres
días, espectáculos de danza urbana nas rúas da cidade. Dado o éxito deste evento, a asociación organizou e xestionou a celebración de VIKUL durante doce edicións seguidas.

- Esta dilatada experiencia de colaboración co Concello de Vigo descrita no parágrafo anterior-documentada na memoria presentada pola Asociación Coreomagazine- sumada á experiencia pasada no desenrolo da edición 2025 deste festival VIGO DANCE 2025, con total satisfacción e cumprimento dos obxectivos marcados; ofrece unha solvencia e veteranía na xestión deste tipo de eventos que contribuyen á fortalecer á xustificación de realizar de novo este convenio coa única entidade sen ánimo de lucro da cidade que posúe esta experiencia e conta cos equipos e recursos necesarios para a formalización desta colaboración.

**III.-** Que a CONCELLERÍA**,** recibida a solicitude de subvención por parte da ASOCIACIÓN en data 27 de xaneiro de 2026 e presentada memoria do proxecto e orzamento (nº de documento 260020885) e, no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; desexa promover e colaborar económicamente na execución da actividade denominada " VIGO DANCE FESTIVAL 2026" durante o exercicio 2026 como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade e da comunidade autónoma galega.

**IV.-** Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo 2026 inclúe na aplicación orzamentaria **3370.4800000 "PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL"** do programa orzamentario do servizo de Xuventude para o vixente exercicio económico a cantidade de **80.000,00 euros**.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto sirve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertenzan, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

**V.-** Que a Asociación Coreomagazine non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo

resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo 10.319-336.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de caracter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** A Asociación Coreomagazine presenta orzamento desagregado, que se adxunta no Anexo I deste convenio, do evento a través do documento nº 260020885 pola cantidade de **79.971,25€.**

De conformidade coas anteriores consideracións e dado o interese común das partes asinantes e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

- A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila Asociación Coreomagazine para desenvolver o programa **" VIGO DANCE FESTIVAL 2026"**, que se detalla na documentación achegada pola ASOCIACIÓN no expediente de aprobación do convenio. (10.319-336)

### SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN COREOMAGAZINE

**•1.-** A Asociación Coreomagazine, comprométese a **xestionar, coordinar e realizar, en colaboración coa CONCELLERÍA,** o programa denominado **FESTIVAL VIGO DANCE 2026** conforme co programa recollido na memoria adxunta ao presente expediente, e descrito a continuación:

- O evento desenvolverase en 2 partes cronolóxicamente consecutivas: Edición de Primavera (25 e 26 de abril de 2026) e Edición de Otoño (7 e 8 de novembro de 2026),
- Lugar: Auditorio do Mar de Vigo.
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.

Estrutura tipo do evento proposta.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

O festival dividirase en dúas edicións, cada unha cunha temática propia e actividades especiais:

Día 1

• Mañá: ° Exhibicións de danza a cargo de colexios e asociacións locais.

° Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas

• Tarde: ° Continuación das actuacións de baile de colexios e asociacións locais no Auditorio Mar de Vigo.

° Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas

° Día de clausura 1: Despedida con todos os bailaríns e coreógrafos no escenario.

Día 2

• Mañá: ° Novas exhibicións de baile de colexios e asociacións locais.

° Sorteo de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de medallas

• Tarde: ° Últimas actuacións de baile dos colexios e grupos locais.

° Clausura do evento

° Sorteo final de viaxes familiares ás Illas Cíes e entrega de premios.

° Gran peche do festival: Todos os/as bailaríns/as e coreógrafos/as no escenario para unha despedida colectiva.

**•2.-** A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación Coreomagazine.

**•3.-** A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

**•4.-** Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

**•5.-** Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA**, Dna Marta Díaz Almeida** con NIF: 36082188H, en calidade de presidenta e representante delegada da Asociación Artística y Cultural para la promoción de la Danza COREOMAGAZINE.

**•6.-** Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

**•7.-** Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada. En todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade nas zonas de celebración do evento, espazos de saída ou chegada ao recinto....
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**•8.-** Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

**•9.-** A concesión da subvención á Asociación Coreomagazine implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**•10.-** Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos a entidade interesada contratou unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento.

**11.-** En xeral,cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO.**

⊙ Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do evento.

⊙ Conceder directamente á Asociación Coreomagazine unha subvención por importe de **79.971,25€** con cargo á partida orzamentaria 3370.4800000, "PROGRAMA AXUDAS A ESCOLAS DE DANZAS E BAILE MODERNO XUVENIL" do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade ( ABANCA, ES86 20805000 6730 4054 2853 ) co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento. A tramitación do pago total da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do VIGO DANCE FESTIVAL ao remate total da actividade e ata o 20 de novembro de 2026.

⊙ Colaborar na promoción do evento cos distintos medios de comunicación e difusión municipais.

⊙ Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contemplanas neste convenio.

**CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

- O centro xestor da subvención á Asociación Coreomagazine é o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

- O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total ou parcial do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

⊙ **O importe total da subvención** proposta poderá ser abonado de xeito anticipado en dúas partes e antes do inicio de cada edición (Primaveira e outono 2026), se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, e trala sinatura do convenio; co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais antes da celebración dos festivais de primaveira e outono e co fin último de garantir a realización efectiva das actuacións inherentes á subvención.

⊙ A CONCELLERÍA poderá financiar o pagamento á Asociación Coreomagazine polo importe da subvención outorgada a través de un 2 adiantos do 50% do orzamento presentado (**79.971,25€**) trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, e trala sinatura do presente convenio que se distrIbuiría do seguinte xeito:

- Anticipo de **39.985,63€** previa solicitude do mesmo e antes da edición de **primaveira** ( 25 e 26 de abril de 2026)
- Logo da correcta xustificación da conta xustificativa correspondente á edición de primaveira; un segundo adianto de **39.985,62€** previa solicitude do mesmo e antes da edición de **outono** ( 7 e 8 de novembro de 2026).

⊙ Segundo o establecido no art. 42, apdo 2d) do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a beneficiaria queda exonerada da constitución de garantía, por ser unha entidade non lucrativa e polo tanto non se considera necesario para asegurar o cumprimento dos compromisos adquiridos polos beneficiarios e a entidad colaboradora.

⊙ En calquera caso, tal como establece **o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro,** Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

⊙ A beneficiaria deberá xustificar no **prazo comprendido** entre a sinatura do presente convenio e ata o 20 de novembro de 2026 o cumprimento TOTAL da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

⊙ A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións).

⊙ A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a **documentacion xustificativa** por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**Documentación a incluír na conta xustificativa:**

⊙ Solicitude de pagamento da subvención.

⊙ Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

⊙ **Memorias das 2 edicións de execución e avaliación da actividade realizada**, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

- Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, etc.
- Datos sobre os/as participantes nas actividades, número e perfil dos/das asistentes.
- Memoria de prensa.
- Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
- Reportaxe fotográfica e vídeos.

⊙ **Memoria económica** contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.

- **A xustificación** deberá facerse coa presentación na **sede electrónica** das facturas correspondentes ao gasto do proxecto e acreditar o pagamento efectivo dos gastos correspondentes ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros. En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A Asociación Coreomagazine está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp? lang=ga.

- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a Asociación Coreomagazine como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE (que é o caso da Asociación Coreomagazine que presenta documento nº 260019347 de **exección do IVE**, incorporado a este expte).

- So se considerá gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

**- Gastos subvencionables:**

- Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2026.

- Consideraranse **gastos subvencionables,** aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

- De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarase con anterioridade á subvención. A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

- Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

**<u>Importe total de subvencións ou axudas:</u>**

- A subvención do Concello á Asociación Coreomagazine é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- O importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Coreomagazine para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

## SEXTA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polo Servizo de Xuventude que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

## SÉTIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

- A CONCELLERÍA publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento aodisposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**OITAVA.- REINTEGRO**

- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**NOVENA.- VIXENCIA.**

A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 20 de Novembro de 2026 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.**

A concelleira-delegada da área de Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN**

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:
1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

**DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

**DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE**

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdicional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**.-** Expediente de contratación para o subministro dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da cidade de Vigo". Expte. 20984/101.

.- Modificación orzamentaria nº 22/2026: crédito extraordinario, suplemento de crédito. Expte. 101/142.

.- Expediente de contratación das obras do proxecto de "Plan extraordinario de asfaltados do Concello de Vigo". Fase I: lote norte e lote sur. Expte. 2488/441.

.- Listas de persoas admitidas e excluídas provisionalmente, designación de órganos de selección, datas e lugares do primeiro exercicio. Expte. 47847/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**17(133).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SUBMINISTRO DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS "MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO". Expte. 20984/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 26/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 139 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## I.- ANTECEDENTES

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Alcaldía, como superior órgano de goberno desta administración municipal, desenvolve diferentes actuacións institucionais, ocupándose da organización dos actos oficiais e institucionais que se realizan en representación do Concello de Vigo.

As atribucións de representación que corresponden ao Alcalde, en concreto as de carácter protocolario e institucional de interese para a cidadanía de Vigo, entre as que se atopa: o acto institucional da "Gala de Vigueses/as Distinguidos/as" que inclúe a concesión da Medalla de Ouro da Cidade.

O obxecto do presente contrato é o subministro dos galardóns honorífico s institucionais "Medalla de Ouro da Cidade de Vigo".

➢ A Medalla de Ouro da cidade de Vigo, que ten a súa orixe no ano 1936, é o máximo galardón concedido por este Concello, se entrega anualmente a persoas ou colectivos que destacan polos seus méritos ao servizo da cidade de Vigo, aprobado segundo o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distin cións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981". (Expediente15892-101).

A data da súa entrega faise coincidir có mes de celebración da Festa da Reconquista de Vigo, que conmemora o alzamento popular do ano 1809, polo que a cidade expulsou ao exercito francés.

Este recoñecemento está considerado entre os actos institucionais máis importantes deste Concello, e realízanse en atención ás competencias enriba sinaladas, sendo necesario para ese fin, a adquisición dos galardóns da medallas de ouro da Cidade de Vigo.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

•Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 22 de xaneiro de 2026.

•Memoria económica do contrato asinada pola pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 23 de xaneiro de 2026. Cun informe rectificativo asinado en data 28 de xaneiro de 2026.

•Certificado de crédito co número de documento 12026000005914, asinado pola dirección superior contable en data 26 de xaneiro de 2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

•Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 29 de xaneiro de 2026 redactado pola Xefa do departamento administrativo da Alcaldía.

•Memoria xustificativa asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 10 de febreiro de 2026

•Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área do de Contratación e Novos Proxectos con data 10 de febreiro de 2026.

## II.- CONDICIÓNS DEFINIDORAS DO CONTRATO

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato.

O presente contrato ten por obxecto o subministro dos galardóns honoríficos institucionais "Medalla de Ouro da Cidade de Vigo".

O subministro inclúe os traballos de ourivería, os metais necesarios para a elaboración das medallas (ouro), pezas de esmalte e outros materiais (cordóns e casos). Ademais da gravación das medallas, o transporte e entrega no Concello de Vigo.

### II.2.- Xustificación da necesidade.

A Medalla de Ouro da cidade de Vigo, que ten a súa orixe no ano 1936, é o máximo galardón concedido por este Concello, se entrega anualmente a persoas ou colectivos que destacan polos seus méritos ao servizo da cidade de Vigo, aprobado segundo o artigo 5.3 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo, de data 29 de setembro de 1981". (Expediente 15892-101).

A data da súa entrega faise coincidir có mes de celebración da Festa da Reconquista de Vigo, que conmemora o alzamento popular do ano 1809, polo que a cidade expulsou ao exercito francés. Este recoñecemento está considerado entre os actos institucionais máis importantes deste Concello, e realízanse en atención ás competencias enriba sinaladas, sendo necesario para ese fin, a adquisición dos galardóns da medallas de ouro da Cidade de Vigo.

### II.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, **Joyería Ramón Fernández, S.A. (A-36659746)** xa que ten os cuños orixinais da medalla de ouro da cidade.

Achégase no trámite 3 deste expediente, o documento nº 260005233 que recolle a declaración da xerente da empresa Joyería Ramón Fernández, S.A., conforme Joyería Ramón Fernández deseñou, fabricou e está en posesión dos 7 moldes ou cuños cos que se realiza a Medalla de ouro da cidade de Vigo, inclúe ademais que a Joyería Ramón Fernández é a creadora do deseño e fabricación doutro galardón municipal, a medalla "Distinción de Honra" da cidade de Vigo.

A forma de tramitación será Ordinaria.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 141 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

O obxecto do contrato identifícase  cos códigos CPV seguintes: 18513200-0 artígos de ourivería de oro; 18513000-8 artigos de xoiería.

**II.4.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, **Joyería Ramón Fernández, S.A. (A-36659746)** xa que ten os cuños orixinais da medalla de ouro da cidade.

Achégase no trámite 3 deste expediente, o documento nº 260005233 que recolle a declaración da xerente da empresa Joyería Ramón Fernández, S.A., conforme  Joyería Ramón Fernández deseñou, fabricou e está en posesión dos 7 moldes ou cuños cos que se realiza a Medalla de ouro da cidade de Vigo, inclúe ademais que a Joyería Ramón Fernández é a creadora do deseño e fabricación doutro galardón municipal, a medalla "Distinción de Honra" da cidade de Vigo.

A forma de tramitación será Ordinaria.

O obxecto do contrato identifícase  cos códigos CPV seguintes: 18513200-0 artígos de ourivería de oro; 18513000-8 artigos de xoiería.

**II. 5.- Prezo e valor do contrato.**

**5.1.- Orzamento base de licitación**

- O orzamento máximo de licitación é de **15.300,00 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **2.655,38 €**

Prezo con ive: **15.300,00 €**

Prezo sen ive: **12.644,62 €**

Importe 21% ive:  **2.655,38 €**

O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, tendo en conta o aumento significativo do prezo do ouro nos mercados internacionais desde o ano 2023 (ano en que se formalizou o último contrato expediente 19832-101). Sendo este un factor determinante no incremento do custo das medallas de ouro conmemorativas obxecto do presente expediente.

O prezo internacional do ouro experimentou unha elevada e continuada tendencia alcista nos últimos anos. Este incremento significativo está relacionado con diversos factores económicos e financeiros globais que condicionan a oferta e demanda de ouro no mercado.

Entre os anos 2023 e 2026, constátase un incremento continuado do prezo do ouro, pasando de aproximadamente 58,5 €/g en 2023 a 130 €/g en 2026.  Este incremento está motivado por factores estruturais e macroeconómicos globais, incluíndo unha maior demanda de ouro como activo refuxio.

Dado que o subministro obxecto deste expediente administrativo consiste en medallas de ouro, resulta xustificado que o custo asociado ao contrato se vexa afectado de forma significativa. Sendo necesaria a actualización dos prezos en consonancia coa evolución do mercado, en cumprimento dos principios de eficiencia, economía e boa administración na contratación pública.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**5.2.- Valor estimado do contrato**

O valor estimado do contrato ascende a 12.644,62 € (1 anualidade sen ive).

**5.3.- Anualidades**

1 ano.

**5.4.- Revisión de prezos.**

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

**II.6.- Prazo de execución e prórroga.**

**Prazo de execución.**

Dende o 20 de marzo de 2026 ou se non fora posible ao día seguinte ao da formalización do contrato, e rematará o 19 de marzo de 2027.

**Prórrogas:**

Non

**II.7.- Solvencia económica e financieira**

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

A) Volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:

- Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración incluídas as prórrogas non sexa superior a un ano.

- Ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano. Para calcular a anualidade media do orzamento base de licitación dividirase este entre os meses de duración do contrato, sen ter en conta as eventuais prórrogas, e multiplicarase por 12.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.

- Cando o licitador non poida presentar as contas anuais por unha razón xustificada que poida acreditar, poderán presentar un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior:

  - Ao 50% do valor estimado do contrato ou cando a súa duración non sexa superior a un ano.

  - Ao 50% da anualidade media do orzamento base de licitación, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

B) Acreditación da solvencia técnica e profesional

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato ou do lote, no seu caso, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do orzamento base de licitación do contrato.

  Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

  Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**II. 8.- Criterios de valoración e xustificación.**

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dado que todas as características técnicas e de calidade están definidas na cláusula segunda do PPTP, o único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato

**II.9.- Prazo de garantía.**

Fíxase un prazo de garantía de 2 anos dende a recepción do subministro.

**II.10.- Subcontratación.**

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado cos traballos de ourivería.

**II.11.- Modificacións do contrato**

Non.

**II.12.- Responsable do contrato**

A xefa do departamento administrativo de Alcaldía.

**II.13.- Lugar de entrega**

O lugar de entrega das medallas será o Concello de Vigo.

**II. 14.- Data prevista para o inicio do contrato**

A data prevista de inicio é o 20 de marzo de 2026, ou a data da sinatura do contrato pola Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

**II. 15.- Aseguramento.**

Non procede.

**II.16.- Referencia ao réxime de pagamento**

O pagamento do prezo do contrato efectuarase, tras a entrega de cada subministro, previa presentación da correspondente factura con suxeición aos requisitos que estabelece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 145 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face- de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

a) GE0000575 – Servizos Económicos
b) L01360577 – Concello de Vigo

GE0000668 – órganos de Goberno

**II.17.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril**

o importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2026.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto que se inclúa no vindeiro "Plan anual de contratación" para o ano 2026 da Alcaldía.

**II.18.- Condicións especiais de execución.**

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental: Recollida selectiva de residuos; uso de produtos e recursos que conten con factores como o ciclo de vida e pegada ecolóxica; implantación na xestión empresarial de valores e a protección medioambiental.

**III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o subministro dos galardóns honoríficos institucionais "Medalla de Ouro da Cidade de Vigo". Expte: 20984-101.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía, e asinado con data 29 de xaneiro de 2026.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 10 de febreiro de 2026.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**Cuarto.-** Autorizar un gasto con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación correspondente ao exercicio 2026, polo importe máximo de base á negociación por un total **15.300,00 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **2.655,38 €.** O valor estimado do contrato ascende a **12.644,62 €**.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato de subministro de natureza administrativa, non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(134).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 22/2026: CRÉDITO EXTRAORDINARIO, SUPLEMENTO DE CRÉDITO. EXPTE. 101/142.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 24/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/02/2026, asinado polo tesoureiro e responsable superior contable e orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**Asunto**: Modificación de crédito financiada co recurso financeiro RLTGG/2025

**Orixe do Remanente líquido de Tesourería:** Liquidación do Orzamento do ano 2025

**Orzamento de aplicación:** Ano 2026

**Modificación orzamentaria, nº:** 22/2026

**Modificación de crédito**: Modalidade: Crédito Extraordinario e Suplemento de crédito:

Crédito extraordinario: 2.117.790,44 euros.

Suplemento de crédito: 8.799.341,16 euros.

Total modificación orzamentaria: 10.917.131,60 euros

**Capítulos de Gasto, empregos:**

Capítulo 2: 5.160.016,95 euros.

Capítulo 4: 28.071,22 euros.

Capítulo 6: 5.379.043,43 euros.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 147 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Capítulo 7:  350.000,00 euros.

**Órgano competente:** Pleno da Corporación, previo acordo Xunta Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

**Antecedentes**

Memorias xustificativas dos Servizos de Festas, Fomento (Vías e Obras, Vigo Vertical), Patrimonio, Xardíns, Benestar Social, Educación, Deportes, Cultura, Museos, Patrimonio Histórico, Estatística, Participación Cidadá, SPEIS e Seguridade, na que solicitan recursos suficientes para acometer determinados empregos para os que non existe crédito, ou o existente resulta insuficiente.

Resolucións da Alcaldía de 18 de febreiro de 2026, de incoación do expediente na que se fai referencia ás solicitudes dos servizos xestores.

**Xustificación das necesidades**

Fomento

REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA (FASE II): Con data 26/09/2025 publícase no BOE: Orde HAC/1054/2025, do 22 de setembro, sobre os índices de prezos da man de obra e materiais, sobre os índices de prezos dos materiais específicos de subministracións de fabricación de armamento e equipamento, así como sobre os índices de prezos de compoñentes de transporte de viaxeiros por estrada, para o cuarto trimestre de 2024, aplicables á revisión de prezos de contratos das administracións públicas, polo cal tendo en conta que a ultima certificación tramitada en relación co expediente 959/441 da obra de referencia, procede realizar a actualización dos cálculos para a determinación do importe que con carácter definitivo corresponde o recoñecemento da revisión excepcional de prezos do citado contrato.

Para afrontar este gasto, non existe crédito no Orzamento vixente, sendo necesario o recurso ara afrontar a tramitación do expediente de revisión extraordinaria de prezos.

HUMANIZACIÓN RÚA LEPANTO: O citado expediente de contratación foi resolto na sua fase de adxudicación por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 31/03/2025, formalizándose o contrato na data do 03/04/2025, e iniciándose as obras de acordo coa acta de comprobación de replanteo asinada na data do 19/06/2025.

As necesidades de esta obra quedan xustificadas pola imposibilidade de incorporación de remanentes afectas a este proxecto ao Orzamento do ano 2026, que foran incorporadas, en parte, ao Orzamento do ano 2025, polo que, xurde a necesidade de dar cobertura ao remate da mesma.

CONTRATO MIXTO DE OBRAS E SUMINISTROS PARA RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA: O emprego está destinado á certificación final da obra para a cal non

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

existe crédito, de non tramitarse, entra en mora o crédito, polo que, procedería a tramitación de xuros comerciais.

HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE ÁLVARO CUNQUEIRO E LÓPEZ MORA: En relación a este proxecto, a Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.594.174,87 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 1.575.231,45 euros, non sendo incorporable o resto ao Orzamento do ano 2026, polo que, resulta necesario o recurso para o remate das obras.

RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.508.644,87 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 907.495,82 euros como parte da cofinanciación que lle corresponde o Concello de Vigo. Ao remate do ano 2025, o proxecto non está totalmente rematado, polo que, non é incorporable o crédito sobrante como remanente, sendo necesario suplementar os recursos para o remate das obras.

CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS: De acordo co expediente de execución deste contrato (6210-443), con data 7/01/2026 foi asinada a acta de recepción e con data 27/01/2026 foi asinada a certificación final da obra, polo que, é necesario dotar recursos para facer fronte a esta certificación, para a que non existe crédito no Orzamento do ano 2026.

HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.765.032,53 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación, non sendo incorporable o crédito restante ao Orzamento do ano 2026, sendo esta a xustificación para solicitar os recursos para dar continuidade a este proxecto.

HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001-CALVARIO A GARRIDA. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto: Corresponde o recoñecemento da revisión excepcional de prezos do citado contrato.

Xardíns

De acordo co expediente de execución deste contrato (2441-441), a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 29.08.2025, aprobou o proxecto de "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY", cun orzamento base de licitación máis IVE de 762.925,68 euros. A

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

tramitación deste expediente atopase relacionado coa execución dunha sentenza para resolver un problema de filtracións de auga provocados pola situación do actual parque público, polo que resulta inaprazable a súa execución para a que non existe crédito suficiente.

Deportes

CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 13/09/2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 832.342,70 euros. Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 832.342,70 euros, non sendo incorporable o remanente de crédito ao Orzamento do ano 2026, sendo esta a xustificación pola que se solicita os recursos para o remate deste proxecto.

EUROPEAN POLICE AND FIRE GAMES: A organización dos European Police and Fire Games manifestou, con data 20 de xaneiro de 2026, o seu interese en que este evento internacional se celebre, na súa edición do ano 2026, na cidade de Vigo .

O evento inclúe unha participación que vai superar os 3.000 deportistas de máis de 30 países, o que supón algo extraordinario e superior a calquera outro evento na cidade.

A celebración de competicións deportivas, incluídos os European Police and Fire Games, ven determinada por calendarios que na maioría de ocasións non coinciden cos calendarios administrativos e de conformación dos orzamentos locais.

Educación

ESCOLA INFANTIL MUNICIAPAL: A licitacitación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (expte. 99420/332), supón un incremento importante do prezo do contrato, polo que, é necesario suplementar o crédito, por terse informado con cargo a bolsa de vinculación xurídica, esgotando a dispoñibilidade da mesma.

Patrimonio Histórico

REPARACIÓN MURO TORALLA: Tra-la denuncia veciñal e informe da Policía Local denunciando a derruba parcial dun muro de contención e peche do equipamento cultural da Villa de Toralla, advertindo da perigosidade do desplome, poñendo de manifesto graves deficiencias no muro que poderían desencadear en colapso, polo que, a actuación a acometer ten causa nas choivas e non pode ser demorada. Para acometer esta actuación imprevisible, non existe crédito no Orzamento vixente.

MUÍÑOS MUNICIPAIS DE SEVERO E GONTADE: SEVERO. Debido á caída dunha árbore sobre o muíño o tellado viuse afectado na súa totalidade, sendo necesaria a reposición par-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

cial da estrutura de madeira e as tellas da cuberta, ademais deberán ser revisados os muros de pedra por se fose necesario repor algún elemento. GONTADE. Os ventos provocaron o desprazamento de varias tellas da cuberta do muíño nº 1 de Gontade permitindo a entrada da auga que afectou á estrutura de madeira. Faise imprescindible a reparación /substitución das pezas de madeira da estrutura afectadas e a reposición de tellas.

Para acometer estas obras, non existe crédito no Orzamento vixente.

Estatística

Execución da segunda fase do contrato maior de subministro para a retirada, subministro e colocación de rótulos identificativos das vías públicas municipais, consistente na fabricación, subministración e instalación do novo modelo normalizado de placas identificativas aprobado polo Concello, así como a colocación de báculos ou soportes independentes nos viarios que carezan de elementos de ancoraxe, co obxecto de completar a renovación integral da sinalización viaria no termo municipal.

Esta segunda fase resulta indisolublemente ligada á primeira fase cuxa licitación se atopa en curso, permitindo dar continuidade técnica, funcional e económica ao proceso de renovación integral do rueiro municipal, garantindo a homoxeneidade do modelo, a coherencia estética e a eficacia operativa do sistema de identificación viaria.

Patrimonio

En data 27/11/2025, o Servizo de Medio Ambiente informa da necesidade da adquisición das parcelas sitas no camiño do Borralleiro con ref. Catast.: 9148207NG1794N0000GS, 9148208NG1794N0000QS, coa finalidade de mellorar a accesibilidade e as dotacións para o uso público do areal do Cocho e eliminar os riscos que para os usuarios do areal supón a utilización dos accesos existentes desde estas parcelas. Sin a titularidade das parcelas, o Concello non pode acometer as obras de mellora do acceso ao areal, sendo necesario acometer esta actuación con urxencia antes da tempada de verán.

Dende o 8 de xullo de 2020, as competencias sobre a xestión do auditorio Mar de Vigo recaeron na Concellería de Patrimonio, non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 26.09.2025 , delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congresos Mar de Vigo.

Trátase, polo tanto, de gastos nos que o acredor realizou correctamente unha prestación por mandato e con pleno coñecemento e consentimento da entidade local, polo cal procede o seu recoñecemento e pago en virtude da correcta aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto ou sen causa, evitando deste xeito o correlativo empobrecemento do contratista que realizou os traballos encomendados e que ten dereito a percibir a contraprestación correspondente.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

En consecuencia con anterior, requírese un suplemento de crédito para facer fronte ao REC que conforma a prestación do servizo no ano 2025.

Seguridade

A necesidade está relacionada co expediente 712/2153, co fin de garantir a adecuada cobertura orzamentaria da anualidade 2026 derivada do novo expediente de contrato que estase a tramitar, relativo ao subministro, en réxime de arrendamento, de vehículos para a Policía Local, que supón en termos licitación maiores recursos que os do contrato vixente.

Cultura

O Goberno Municipal está a impulsar a adquisición dunha escultura pública que sirva para honrar a figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas. A proximidade da súa retirada fai que sexa o momento óptimo para poder levar a cabo este recoñecemento expreso do Concello de Vigo en nome de toda a cidade. Sendo necesario desenvolver o procedemento de encargo, previo concurso de ideas, é polo que, a necesidade non é demorable ao ano seguinte, sendo necesario os recursos neste exercicio.

Festas

No momento da elaboración do orzamento, setembro de cada ano, non é posible coñecer as propostas artísticas concretas que serían ofertadas polas empresas promotoras, o caché individualizado de cada artista, os custos reais asociados á produción técnica e loxística das actuacións en relación co ano seguinte, polo que, a dotación inicial deste crédito ven sendo a mesma cada ano.

Actualmente estes importes xa son coñecidos, derivan das ofertas economicamente cuantificadas presentadas polas empresas promotoras, reflectindo custos reais e actualizados conforme ás condicións actuais do mercado.

Coa información actual, apréciase que non se poden acadar os niveis de programación desenvolvidos en anos precedentes, debido ao incremento xeneralizado dos custos das contratacións artísticas.

Sendo por elo, inaprazable a necesidade de suplementar os recursos para acometer o programa de Festas de Vigo.

Museos

Tras analizar as exposicións desta natureza dispoñibles decidiuse incorporar unha experiencia multisensorial a gran escala que leva por título *"Jules Verne 200"*, que se exhibiu por pri-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

meira vez no Centre d'Arts Digitals de Barcelona, e itinerou despois polas cidades de Sao Paulo e Bruxelas, estando previsto que chegue a París no ano 2028 para celebrar o bicentenario do nacemento do autor.

No formación do Orzamento do ano 2026, descoñecíase as contías necesarias para esta exposición, dotouse unha contía de 175.000 euros, agora, cuantificado o custe da mesma, considérase que hai un gasto non demorable para o ano 2026 e outro para o 2027.

Atendendo á planificación da programación da exposición e considerando os prazos necesarios existen gastos que cómpre atender durante a presente anualidade de 2026, fundamentalmente en relación coa adaptación de contidos, produción e adaptación de espazo, en tanto que os vinculados fundamentalmente coa explotación e xestión operativa diaria durante a apertura ao público, previsiblemente entre os meses de marzo e agosto de 2027, abordaríanse co orzamento do ano 2027.

O Orzamento vixente non dispón de crédito para facer fronte a estas necesidades, xa que o Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 23 de outubro de 2025, que aprobou inicialmente o Pleno da Corporación en sesión do 14 de novembro e con carácter definitivo o 23 de decembro de 2025, non tiña cuantificado as necesidades, dotándose unha contía para identificar o evento.

Unha vez coñecida a dimensión do evento, é razoable tramitar unha modificación orzamentaria para atender as necesidades e suplementar por insuficiencia de crédito prevista no Orzamento do ano 2026 para atender á adaptación de contidos, produción e adaptación de espazo da exposición de Julio Verne, nas contías que son imputables ao ano 2026.

SPEIS

A finalidade da necesidade de recursos é a dotación de crédito para o exercicio 2026, vinculada ao expediente 6610/213, co fin de garantir a adecuada cobertura orzamentaria da anualidade 2026 derivada da prórroga do contrato de prestación sucesiva para a xestión integral de parques do SPEIS mediante software en modalidade SaaS, que non foi prevista na formación do Orzamento 2026.

Benestar Social

O pasado ano 2025 a Concellería de Política Social tramitou un novo procedemento de contratación do Servizo Axuda no fogar (Expte. 285498/301) o cal foi adxudicado pola Xunta de Goberno local do 31.10.2025 ao GRUPO PROBISER, S.L.U., por prezo total de 47.183.385,60 euros e prezo/hora de 23,59 euros, duración tres (3) anos e dúas (2) prorrogas.

Con data 20.11.2025 dita adxudicación foi obxecto de recurso especial en materia de contratación, o que suspendeu automaticamente a tramitación do procedemento ata a resolución do mesmo (Art. 53 LCSP).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 153 de 185
2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Por tal motivo, e tendo en conta a data de finalización do contrato anterior (30.11.2025) e a imposibilidade de iniciar o novo contrato debido a citada suspensión, a empresa SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L.U ( prestadora do SAF), previa solicitude de continuidade polo Concello, mantivo a prestación durante o tempo que mediou entre a finalización do vixente contrato e o inicio do novo (xaneiro 2026).

Polo que, o gasto do devandito mes de decembro 2025, foi imputado ao crédito do ano 2026, sendo necesario suplementar a aplicación orzamentaria para dar cobertura a totalidade do ano 2026.

Participación Cidadá

Na actualidade están en funcionamento na cidade gran número de edificacións ubicadas nas diferentes parroquias, coordinadas coas AAVV. dependentes do servizo de Participación Cidadá. Son instalacións municipais. Xunto ás referidas instalacións, a concellería de Participación Cidadá tamén xestiona directamente seis Centros Municipais de Distrito.

A planificación desenvolvida polo departamento de Participación Cidadá para poder afrontar anualmente as necesidades de intervencións de distinta índole nos seus inmobles adscritos por mor da antigüidade e/ou polo propio uso das edificacións, procura dar resposta ás necesidades de reparación máis apremiantes atendendo a criterios técnicos de mellora da seguridade, estanquidade ou da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Esta planificación anual e a correspondente consignación orzamentaria, estase a ver seriamente comprometida por mor das adversas condicións climatolóxicas deste inverno non só nas ditas edificacións de titularidade municipal coordinadas coas asociacións veciñais senón tamén nos propios Centros Municipais de Distrito, o que está a provocar un elevado número de incidencias por mor da entrada de auga tanto en cubertas como en fachadas e incluso a través de sotos e plantas baixas.

Coa finalidade de evitar non só os problemas de salubridade derivadas polas humidades (que están a provocar a suspensión de actividades programadas) senón principalmente para garantir a seguridade dos inmobles, faise necesario acometer un plan extraordinario de choque, que dadas a circunstancias, non pode ser demorable, para o que non existe crédito suficiente, desagregándose na memoria as necesidades por centros, tanto os que son de titularidade municipal como as das propias AAVV.

**Inaprazabilidade do gasto**

Nas memorias que xustifican a Resolución de inicio do expediente, abúndase na motivación da tramitación do expediente en cada caso en relación coas necesidades a satisfacer e a súa inaprazabilidade.

En todos os casos se xustifica a necesidade da actuación, a insuficiencia de crédito, a urxencia e inaprazabilidade dos empregos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, a inexistencia de crédito para facer fronte ás necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

**Normativa de aplicación**

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea ( SEC 2010).

Regulamento (CE) n° 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolución de delegación de competencias: Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.

Bases de Execución do Orzamento.

**Regras fiscais**

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

**Estabilidade**

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 11 de decembro de 2025 o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

| Sector público | **2024** | **2025** | **2026** |
|---|---|---|---|
| Subsector local | 0,20% | 0,10% | 0,20% |
| Conxunto das AAPP | -3,00% | -2,70% | -2,50% |
| Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB | | | |

**Regra de gasto**

A base de cálculo para a Liquidación do ano 2026, é a Liquidación axustada do ano 2025.

A regra de gasto non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto non financeiro para o período 2026-2028.

| | **2026** | **2027** | **2028** |
|---|---|---|---|
| Regra de gasto para o conxunto das AAP | 3,50% | 3,40% | 3,20% |

En relación coa Liquidación do ano 2025, o gasto non financeiro axustado correspondente ao Grupo Concello de Vigo, foi de 271.756.882,76 euros, dos que 258.760.423,85 euros son da entidade matriz, 11.087.990,07 euros da XMU, 1.078.207,62 euros da Fundación MARCO, 701.010,90 euros da Fundación C.BUREAU e 129.250,32 da Fundación LISTE..

De acordo coas previsións feitas, o gasto non financeiro axustado para o ano 2026 é de 280.608.447,25 euros, o límite do GNF tendo en conta o peche do ano 2025, é de 281.268.373,66 euros (liquidación 2025*taxa de variación, TRCPIB 3,5%), dando cumprimento ao obxectivo.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

Na previsión do GNF, está computado o gasto correspondente ao expediente de incorporación de remanentes MC/12/2026 e o que se está tramitando MC/22/2026.

**Liquidación Orzamentaria do ano 2025 do Grupo Concello de Vigo**

O superávit do Grupo Concello de Vigo (Entidade Matriz, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, LISTE e Fundación CONVENTION BUREAU), foi de 35.530.899,05 euros.

O artigo 32 da LOEPSF está activado dende o inicio do ano 2024, polo que o superávit hai que destinalo á amortización dos pasivos financeiros que estean vivos.

O Grupo Concello de Vigo, non ten débeda financeira viva, polo que, o artigo 32 da LOEPSF non ten aplicación ao Grupo de consolidación.

Non está prorrogada para o ano 2026 a DA 6º da LOEPSF, que require a tramitación e aprobación dun Rd-lei, polo que, non é aplicable o superávit ao financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibles (IFS), cuxos empregos non computarían no cálculo da Regra de Gasto, aínda que sigue vixente o RD-lei 15/2025 en relación co superávit do ano 2024, polo tanto, o RLTGX ten unha aplicación libre, aínda que, sempre dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, que de non cumprirse no ano 2025, aplicaranse as medidas correctivas e coercitivas previstas na LOEPSF.

**Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2025.**

O RLTGX, constitúe un recurso de financiamento de modificacións de crédito. A dispoñibilidade será a que resulte de deducir do remanente inicial as contías destinadas a financiar modificacións do orzamento de gastos. En ningún caso, o RLTGX pode formar parte das previsións iniciais de ingresos, en consecuencia, non pode financiar créditos iniciais (artigo 104 do RD 500/1990).

O artigo 177 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que un dos recursos financeiros para o financiamento dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o RLTGX.

**Expediente que se tramita**

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente 101/142 de modificación orzamentaria nº (22/2026), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que está conformado das memorias xustificativas de cada servizo xestor, de forma individualizada para cada necesidade.

Como xa se fixo unha sínteses de cada xustificación, non é obxecto de reprodución nesta proposta, xa que se incorpora a táboa das necesidades de cada servizo.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**Financiamento dos empregos**

O financiamento da modificación orzamentaria faise con cargo ao RLTGX correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2025. A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, o resultado da Liquidación do Orzamento proxectada do ano 2026, unha vez tramitada a modificación orzamentaria 12/2026, expediente 441/143 e a que se está tramitando, expediente 101/142, modificación número 22/2026 tendo en consideración as ratios de execución previstas, conclúese que a liquidación Orzamentaria do ano 2026, vai dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais aplicables ao ano.

| Remanente Líquido de Tesourería GX da liquidación 2024 | Utilizado | Dispoñible |
|---|---|---|
| Inicial (A) | | **215.914.080,10** |
| Modificación incorporación de remanentes, expediente 441/143,1462026 | 82.586.250,40 | |
| Modificación de crédito, Cred. Extraord. Supl. Crédito, expediente 101/142 | 10.917.131,60 | |
| Total remanente utilizado (B) | 93.503.382,00 | |
| Remanente dispoñible (A-B) | | **122.410.698,10** |

Achégase no expediente, o proxecto de liquidación do Orzamento 2026 do Grupo Concello de Vigo, inclúese a modificación en trámite.

En canto ao cumprimento da regra de gasto, os empregos non financeiros previstos axustados, están dentro da evolución do 3,5% sobre os empregos non financeiros axustados da Liquidación do Orzamento do ano 2025, polo tanto, tamén está previsto o cumprimento de este obxectivo.

Dase cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2026 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

**Período medio de pago.**

É obrigatorio que os pagos a provedores pola débeda comercial, se faga nun prazo inferior a 30 días dende a conformidade da factura.

En relación con PMP, faise constar que o período medio de pagos está dentro do legalmente previsto, sendo o prazo medio do ano 2025 6,94 días naturais, e o correspondente ao período xaneiro de 2026, é de 11,62 días .

O PMP non forma parte das regras fiscais (Estabilidade, teito de gasto, endebedamento), aínda que é unha consecuencia, a aplicación do RLTGX vai a xerar empregos que requiren

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

o seu pagamento, se a entidade non ten capacidade para facer fronte aos pagos dentro dos 30 días, os novos pagos que xurdan da aplicación do RLTGX, vai a xerar máis estrés na liquidez. Non é o caso do Concello de Vigo, que fai fronte a seu pagamento en prazo, e a liquidez do ente, permítelle garantir o cumprimento deste requisito.

En consecuencia, dáse cumprimento a todos os requirimentos legais previsto no ordenamento xurídico de aplicación:

a) Hai necesidade inaprazable, segundo as memorias xustificativas de facer fronte aos gastos que conforma esta modificación orzamentaria no ano 2026.
b) Non hai crédito no estado de gastos do orzamento vixente, ou este é insuficiente para afrontar as necesidades contidas no expediente nº 101/142.
c) A proxección da Liquidación dos orzamentos do ano 2026 do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, informa sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais (superávit e cumprimento da regra de gasto) de acordo á senda prevista para o ano 2026.
d) Hai recurso financeiro dispoñible (RLTGX) para facer fronte aos empregos previstos no expediente 101/142.
e) Hai cumprimento do Período Medio de Pagos, facéndose os pagos nun prazo moi inferior que o previsto no Real Decreto 635/2014.
f) A Liquidación Orzamentaria do ano 2025, xerou una aforro neto positivo.
g) O Grupo de Consolidación non ten pasivos financeiros pendentes de amortizar.

Á vista da documentación contida no expediente, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

**Proposta a Pleno previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación orzamentaria nº 22/2026 por una contía de 9.852.131,60 euros, Crédito Extraordinario por unha contía de 1.817.790,44 euros e Suplemento de Crédito por unha contía de 8.034.341,16 euros, correspondente ao expediente 101/142, para facer fronte a inexistencia ou insuficiencia de créditos que se relacionan na táboa de anexos de empregos, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada nas memorias dos Servizos, tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta ou insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

A modificación orzamentaria  financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2025, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 22/2026.

**Distribución por aplicacións, Proxectos, concepto e contías**

| Aplicación | Proxecto | Emprego | ÁREA | Tipo | C.inicial | I.Remanentes | Modificación | Total ano | Concepto | Importe |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1320.2040000 | | Renting Vehículos P.Local, novo contrato | Seguridade | Suplemento | 262.100,00 | 0 | 148.000,00 | 410.100,00 | 87000 | 148.000,00 |
| 1360.6410002 | 22136002 | Aplicación informática xestión Paruq | SPEIS | C.Extraordi. | 0,00 | 0,00 | 25.937,85 | 25.937,85 | 87000 | 25.937,85 |
| 1532.6190038 | 24153238 | Humanización Rúa Lepanto, remate | Fomento | Suplemento | 300.000,00 | 0,00 | 122.531,11 | 422.531,11 | 87000 | 122.531,11 |
| 1532.6190041 | 24153241 | Humanización S. Avendaño G.Barbón- Halo | Fomento | Suplemento | 300.000,00 | 0,00 | 1.449.909,73 | 1.749.909,73 | 87000 | 1.449.909,73 |
| 1532.6190090 | 22153290 | Certifcación final H. rúa Pablo Iglesias | Fomento | Crédito Ext. | 0,00 | 0,00 | 53.605,41 | 53.605,41 | 87000 | 53.605,41 |
| 1539.6090069 | 24153969 | Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Colmeiro, remte | Fomento | Suplemento | 50.000,00 | 0,00 | 429.129,14 | 479.129,14 | 87000 | 429.129,14 |
| 1539.6090070 | 24153970 | Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Lugrís, remate | Fomento | Suplemento | 200.000,00 | 0,00 | 196.115,58 | 396.115,58 | 87000 | 196.115,58 |
| 1539.6190000 | 21153900 | Rev. Prezos RD-l 3/2022, G.Vía | Fomento | Crédito Ext. | 0,00 | 0,00 | 3.188,04 | 3.188,04 | 87000 | 3.188,04 |
| 1532.6190009 | 18153209 | Rev.prezos RD-l 3/2022, Estrada Beade-Garrida | Fomento | C.Ext | 0,00 | | 79.167,19 | 79.167,19 | 87000 | 79.167,19 |
| 1710.6190020 | 25171020 | Prz. AXARDINADA FERNADO ELORRIETA REY | Xardísn | Suplemento | 10.000,00 | | 765.000,00 | 775.000,00 | 87000 | 765.000,00 |
| 1710.6190012 | 22171012 | Certificación final  P. Camilo José Cela | Jardines | C.Ext | 0,00 | 0,00 | 12.853,33 | 12.853,33 | 87000 | 12.853,33 |
| 2310.2279901 | 26231002 | SAF, Mes decembro 2025, REC | B.Social | Suplemento | 15.340.000,00 | 0,00 | 1.171.472,32 | 16.511.472,32 | 87000 | 1.171.472,32 |
| 3230.2279915 | | Novo contrato EIM Bembrive | Educación | Suplemento | 309.635,24 | 0,00 | 80.000,00 | 389.635,24 | 87000 | 80.000,00 |
| 3340.2260903 | | Exposición J. Verne | Cultura | Suplemento | 175.000,00 | | 1.379.874,20 | 1.554.874,20 | 87000 | 1.379.874,20 |
| 3340.6800000 | 26334000 | Esc, lago Aspas, C.Ideas, transporte e colocación | Cultura | C.Ext | 0,00 | | 300.000,00 | 300.000,00 | 87000 | 300.000,00 |
| 33602120000 | | Arranxo do tellado no Muizo de Severo e Gontade | P. Histórico | C.Ext | 0,00 | 0,00 | 50.000,00 | 50.000,00 | 87000 | 50.000,00 |
| 3360.6190000 | 26336000 | Reparación estrutural do Muro cont. Vila R.Toralla | P. Histórico | C.Ext | 0,00 | 0,00 | 223.038,62 | 223.038,62 | 87000 | 223.038,62 |
| 3380.2260906 | | Festas de Vigo | Festas | Suplemento | 3.650.000,00 | | 1.200.000,00 | 4.850.000,00 | 87000 | 1.200.000,00 |
| 3420.2260900 | | European Police and Fire Games | Deportes | C.Ext | 0,00 | 0,00 | 300.000,00 | 300.000,00 | 87000 | 300.000,00 |
| 3420.6220015 | 24342015 | Remate Cuberta pista deportiva en Zamáns | Deportes | suplemento | 150.000,00 | 0,00 | 539.567,43 | 689.567,43 | 87000 | 539.567,43 |
| 9231.2219902 | | Plan de renovación Placas identificativas de rúas | Estatística | C.Ext. | 0,00 | | 500.000,00 | 500.000,00 | 87000 | 500.000,00 |
| 9240.4890000 | | Subvencions entidades cidadás | P.Cidadán | Suplemento | 300.000,00 | | 10.866,79 | 310.866,79 | 87000 | 10.866,79 |
| 9240.4890015 | | Subvencións actos comunitarios | P.Cidadán | Suplemento | 100.000,00 | | 17.204,43 | 117.204,43 | 87000 | 17.204,43 |
| 9240.6230004 | 26924004 | Climatización CMD San Roque | P.Cidadán | C.Ext | 0,00 | | 70.000,00 | 70.000,00 | 87000 | 70.000,00 |
| 9240.6320005 | 26924005 | Mellora C. Culturais de T. Municipal | P.Cidadán | Suplemento | 225.000,00 | | 549.000,00 | 774.000,00 | 87000 | 549.000,00 |
| 9240.6320000 | 26924000 | Investimento no CC de Bembrive | P.Cidadán | Suplemento | 100.000,00 | | 60.000,00 | 160.000,00 | 87000 | 60.000,00 |
| 9240.7800010 | 26924010 | Mellora nos Centros das AAVV | P.Cidadán | Suplemento | 300.000,00 | | 350.000,00 | 650.000,00 | 87000 | 350.000,00 |
| 9330.6000000 | 26933010 | Adquisición de parcelas mell. Areal do Cocho | Patrimonio | C.Ext | 0,00 | 0,00 | 500.000,00 | 500.000,00 | | 500.000,00 |
| 9330.2270603 | | Asistencias técnicas | Patrimonio | Suplemento | 20.000,00 | 0,00 | 60.000,00 | 80.000,00 | 87000 | 60.000,00 |
| 9330.2279902 | | Funcionamento e mantemento Pazo de Congresos | Patrimonio | Suplemento | 613.546,00 | | 270.670,43 | 884.216,43 | 87000 | 270.670,43 |
| Total | | | | | | | 10.917.131,60 | | | 10.917.131,60 |

**Distribución dos empregos por capítulos**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Capítulo 2 | | | | | | | 5.160.016,95 |
| Capítulo 4 | | | | | | | 28.071,22 |
| Capítulo 6 | | | | | | | 5.379.043,43 |
| Capítulo 7 | | | | | | | 350.000,00 |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado



Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**Distribución dos empregos por servizos**

| SERVIZO/Area | Importe |
|---|---|
| 1320 | 148.000,00 |
| 1360 | 25.937,85 |
| 1532 | 1.705.213,44 |
| 1539 | 628.432,76 |
| 1710 | 777.853,33 |
| 2310 | 1.171.472,32 |
| 3230 | 80.000,00 |
| 3340 | 1.679.874,20 |
| 3360 | 273.038,62 |
| 3380 | 1.200.000,00 |
| 3420 | 839.567,43 |
| 9231 | 500.000,00 |
| 9240 | 1.057.071,22 |
| 9330 | 830.670,43 |
| Total | 10.917.131,60 |

**SEGUNDO.-** Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

**TERCEIRO.-** De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

**CUARTO.-** Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interporse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 101/142.

**QUINTO.-** Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, os Servizos xestores, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, poderán iniciar a tramitación dos expedientes administrativos de aplicación dos recursos como anticipados de gasto.

S.ord. 27/02/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(135).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I: LOTE NORTE E LOTE SUR. EXPTE. 2488/441.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 23/02/2026 e o informe de fiscalización do 25/02/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/02/2026, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes en data 07.07.2025 resolveu o autorizar o gasto e o contrato menor para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

2.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presenta trala fase de supervisión, proxectos de:

- "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE NORTE redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (407.797,54 €).

- "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE SUR redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (449.965,11 €).

3.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal do día 02.10.2025 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado o día 15.10.2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 24.10.2025 aprobou os seguintes proxectos:

- "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE NORTE" redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS SETE MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTI-

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

MOS (407.797,54 €) e con sinatura dixital do día 5 de setembro de 2025). (Expte. 6817-443).

- “PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO”. FASE I - LOTE SUR” redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (449.965,11 €) e con sinatura dixital de data 5 de setembro de 2025. (Expte. 6818-443).”

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) Os proxectos obxecto do expediente aprobados pola XGL na sesión que tivo lugar o día 24.10.2025 que se corresponden co expediente administrativo 6817-443 e 6818-443, e que inclúen Prego de Prescricións Técnicas redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez.
B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 05.11.2025.
C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes do día 05.11.2025.
D) Declaración de neutralidade da redactora dos proxectos asinadas o día 01.10.2025.
E) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.11.2025.
F) Certificado de crédito RC 12025000154346 por importe de 857.762,65 €, asinado pola Dirección Superior Contable.
G) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe de da Área de Servizos Xerais o día 19.11.2025.
H) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo servizo xestor o día 19.12.2025.
I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 19.12.2025.
J) Prego de Cláusulas Administrativas Particular asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 19.12.2025.
K) Certificado de crédito RCMC 12026000011987 por importe de 857.762,65 €, crédito procedente da incorporación de remanentes.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 163 de 185 |
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**-No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 02.10.2025) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), asi como informe xeral asinado o día 19.12.2025 pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria sobre a viabilidade de incorporación destes créditos ao exercicio 2026, e a súa posterior incorporación ao orzamento vixente mediante a emisión do documento contable RCMC 12026000011987.

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- PROPOSTA**

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "PLAN EXTRAORDINARIO DE ASFALTADOS DO CONCELLO DE VIGO". FASE I - LOTE NORTE E LOTE SUR" redactado pola enxeñeira de camiños, canles e portos Maria Ferreiro Nuñez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o día 19.12.2025.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14

Documento asinado

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a importe máximo de OITOCENTOS CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS SESENTA E DOUS EUROS con SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (857.762,65 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 148.867,90 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento vixente do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.619.0059 – proxecto de gasto 25153259 (Plan renv. firmes viario municipal), crédito provinte da incorporación de remanentes.

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(136).- LISTAS DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE, DESIGNACIÓN DE ÓRGANOS DE SELECCIÓN, DATAS E LUGARES DO PRIMEIRO EXERCICIO.EXPTE. 47847/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 26/02/2026, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data 17/01/2025 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (3ª fase) integrada polas prazas seguintes:

PERSOAL FUNCIONARIO

- Analista informático
- Economista
- Enxeñeiro/a de Camiños
- Enxeñeiro/a Industrial
- Enxeñeiro/a de Montes
- Delineante



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 13/03/2026 14:26:14
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/03/2026 14:26 | Páxina 165 de 185 |
|---|---|---|
| 2038-1102 Aprobado por XGL 06/03/2026 | CSV: A9B8A9-4C35A4-372FB1-1PVKHM-TC8UJK-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Diplomado/a en enfermería
- Inspector/a control concesionarias
- Programador/a informático
- Técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade
- Técnico/a de sistemas
- Técnico/a medio de servizos económicos
- Técnico/a superior actividades culturais e educativas

PERSOAL LABORAL

- Capataz

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 21 (BOPP) de data 31/01/2025 e posteriormente no Diario Oficial de Galicia nº 37 (DOG) de data 24/02/2025.

